

# Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Dereito (inclusive a coordinación do Grao na simultaneidade ADE-Dereito)

CURSO 2016-2017

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

# Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Dereito

Validado pola Comisión de Calidade o día 2 de outubro de 2017

Aprobado pola Comisión Permanente o día 3 de outubro de 2017

## CURSO 2016-2017

---

### Índice

1.	Información xeral.....	2
2.	Coordinación.....	2
3.	Xustificación e descrición do informe.....	2
4.	Accións de coordinación.....	3
4.2.	Outras accións de coordinación desenvolvidas.....	12
4.2.1.	Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Calidade.....	12
4.2.2.	Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade.....	13
4.2.3.	Actuacións de promoción do centro.....	14
4.3.	Contido do informe: incidencias relevantes e accións de mellora.....	16
4.3.1.	Actuacións e incidencias máis relevantes.....	16
4.3.2.	Accións de mellora para o curso 2017/2018.....	26
5.	Conclusións.....	26
6.	Anexos.....	27

**Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito**

## 1. Información xeral

Denominación do título	Graduado/a en Dereito pola Universidade de Vigo
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Curso de implantación	2014/2015 Plan 1 (plan de estudos modificado "G081 - Plan 2014") 2014/2015 PCEO (plan conxunto de estudos Grao en Dereito/Grao en Administración e Dirección de Empresas)

## 2. Coordinación

Equipo coordinador do Grao en Dereito	Equipo de goberno da Facultade de Dereito complementado pola comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo
Equipo coordinador do Grao en Dereito na simultaneidade ADE-Dereito	Comisión de coordinación do PCEO

## 3. Xustificación e descrición do informe

A memoria para solicitar a verificación da modificación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo lembra no apartado «Procedemento de coordinación do grao» (páx. 48) que na memoria inicial se formulou a figura do coordinador/a de curso para garantir a axeitada coordinación docente no proceso de programación da avaliación continuada das materias en cada curso académico, pero que, co paso do tempo, se apreciou que era preferible contar cun coordinador/a único para a titulación. Entre outras funcións, o coordinador/a do grao deberá emitir informes periódicos a través dos que manter informado ao decanato das incidencias e dos eventos relevantes. Para tal fin, o coordinador/a do grao debe manter reunións de coordinación co alumnado e co profesorado do Grao en Dereito. Pola súa banda, os coordinadores/as das materias de Prácticas externas e de Traballo de fin de grao encárganse de coordinar aos distintos titores/as e o responsable de relacións internacionais da coordinación das actuacións de mobilidade. Todos os labores de coordinación horizontal e vertical que se desenvolven facilitan o bo funcionamento do título, a análise das incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación e na organización de actividades conxuntas entre os distintos actores implicados e dos plans de mellora acometidos dende a coordinación do equipo de goberno do centro.

Dada a peculiaridade do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo, título único impartido en dous centros -as facultades de Dereito e Ciencias Xurídicas e do Traballo-, constituíuse unha comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo conformada polos decanos/as e os coordinadores/as do grao, co obxecto de avaliar e tomar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que xordan e establecer mecanismos de coordinación docente conxunta entre ambos os centros.

## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

Finalmente, dende o curso 2014/2015 posibilitouse que o estudiantado poida cursar de forma simultánea os estudos de Grao en Dereito e Grao en Administración e Dirección de Empresas no Campus de Ourense, mediante un programa conxunto («simultaneidade») elaborado polas facultades de Dereito e Ciencias Empresariais e Turismo sobre os plans de estudos oficiais. En relación coa coordinación da simultaneidade, o artigo 6 da Memoria vixente para o programa conxunto de estudos oficiais do grao (PCEO) (Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito) (Campus de Ourense), aprobada polo Consello de goberno o día 22 de xullo de 2016, prevé o desenvolvemento das tarefas de coordinación do programa de simultaneidade por un equipo integrado polas persoas coordinadoras do Grao en ADE e do Grao en Dereito, agás que a persoa titular do decanato dun centro decida delegar nun vicedecano/a a coordinación do grao do respectivo centro no PCEO. Ademais establecerase un órgano coordinador formado polas persoas titulares dos decanatos e as coordinadoras dos graos de ambos os centros no PCEO. Esta comisión, cando existan dificultades na coordinación que o fagan conveniente, reunirse a instancias de calquera dos dous decanatos.

## 4. Accións de coordinación

A continuación descríbense as diversas actuacións de coordinación docente realizadas no curso académico 2016-2017 coa finalidade de facilitar o bo funcionamento do centro e do título de Grao en Dereito -incluído o programa conxunto da simultaneidade ADE-Dereito-, analizar as incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación e na organización de actividades conxuntas entre os distintos actores implicados e acometer plans de mellora dende a coordinación do equipo de goberno do centro.

### 4.1. Reunións e actuacións de coordinación

#### 4.1.1. Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador do Grao en Dereito cos representantes do alumnado -delegadas/os e subdelegadas/os do Grao en Dereito e da Simultaneidade-

Durante o curso académico 16/17 realizáronse un total de 3 reunións deste tipo, nas datas que se sinalan a continuación:

- 02/12/2016. O obxectivo principal desta reunión foi informar e recoller os comentarios realizados polos delegados sobre:
  - a) Posta en marcha do cronograma de actividades para o 2º cuadrimestre
  - b) Necesidade de cumprimento e adopción do recollido nas guías docentes, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado
  - c) Proceso de acreditación do Grao
  - d) Incidencias detectadas no desenvolvemento da docencia
- 24/01/2017. O obxectivo principal desta reunión foi informar e recoller os comentarios realizados polos delegados sobre:
  - a) Publicado o cronograma de actividades do curso 16/17 2º cuadrimestre
  - b) Necesidade de cumprimento e adopción do recollido nas guías docentes, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado
  - c) Proceso de acreditación do Grao
  - d) Impartición dunha charla para o alumnado do TFG sobre a súa elaboración
  - e) Incidencias detectadas no desenvolvemento da docencia
- 20/04/2017. O obxectivo principal desta reunión foi informar e recoller os comentarios realizados polos delegados sobre:
  - a) Cumprimento do horario das clases por parte dos docentes
  - b) Solicitude, as/os delegadas/os, de colaboración no proceso de revisión das guías docentes para o próximo curso.
  - c) Celebración dunha reunión de coordinación da dobre titulación

## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- d) Informe das queixas transmitidas polo profesorado na anterior reunión mantida con estes
- e) Recollida das incidencias detectadas no desenvolvemento da docencia

### 4.1.2. Reunións e actuacións de coordinación do Grao en Dereito co profesorado con docencia no Grao en Dereito e na Simultaneidade

Durante o curso académico 16/17 realizáronse un total de 2 reunións/actuacións deste tipo, nas datas que se sinalan a continuación:

- 2/12/2016. O obxectivo principal desta reunión foi informar e recoller os comentarios realizados polo profesorado sobre:
  - a) Entrega do cronograma de actividades académicas para o segundo cuatrimestre
  - b) Seguimento do reflexado nas guías docentes e a recollida de evidencias da aplicación das distintas metodoloxías de avaliación.
  - c) Necesidade de cumprir ao indicado no POD de cada departamento (no relativo a que profesorado imparte cada materia e con cantas horas de adicación)
  - d) Necesidade de comunicar calquera incidencia na docencia, teórica ou práctica, á secretaría do Decanato e ao alumnado afectado con antelación suficiente.
  - e) O cumprimento dos horarios e calendario académico.
  - f) Recollida das incidencias detectadas no desenvolvemento da docencia
- 7/04/2017. O obxectivo principal desta reunión foi informar e recoller os comentarios realizados polo profesorado sobre:
  - a) Elaboración das guías docentes para o curso 2017/18.
  - b) Necesidade de cumprimento do recollido nas guías docentes, sobre todo, dada a proximidade do fin do cuatrimestre, no recollido no apartado de avaliación.
  - c) Necesidade de cumprir ao indicado no POD de cada departamento (no relativo a que profesorado imparte cada materia e con cantas horas de adicación)
  - d) Necesidade de comunicar calquera incidencia na docencia, teórica ou práctica, á secretaría do Decanato e ao alumnado afectado con antelación suficiente
  - e) O cumprimento dos horarios e calendario académico.
  - f) Recollida das incidencias detectadas no desenvolvemento da docencia

### 4.1.3. Reunións e actuacións de coordinación cos tutores/as do Plan de Acción Titorial

Durante o curso académico 16/17 realizáronse un total de 7 reunións/actuacións deste tipo, nas datas que se sinalan a continuación (ademais de informar na última Xunta de Facultade do curso 15/16 sobre a posta en marcha do PAT para o curso seguinte):

- 17/07/2016: Dende a coordinación, envíase un correo electrónico aos tutores do curso 16/17 solicitando se desexan continuar, como tutores, para o curso 16/17.
- 27/07/2016: Envíase un correo electrónico aos alumnos de 3º e 4º do Grao e os alumnos de 3º do PCEO (curso máis alto do PCEO neste curso) solicitando a súa colaboración para participar no PAT como alumnos-tutores.
- 14/09/2016: Publícase na web do centro o anexo I do PAT coa asignación de alumnos a profesores.tutores/alumnos.tutores para o curso 16/17. Ademais, dende a coordinación, enviouse un correo electrónico aos tutores do PAT solicitando que se convocase unha primeira reunión aos alumnos titorizados para a toma de contacto e detección de necesidades especiais. A dita reunión deben asistir os estudantes tutores. Todos os tutores enviaron copia do correo electrónico onde convocaban aos seus alumnos a esta primeira reunión.
- 16/09/2016: Dende a coordinación, envíase un correo electrónico aos estudantes tutores do Plan de Acción Titorial convocándoos a unha reunión que se celebra o día 20 de setembro coa idea de analizar as funcións do estudantado titor.
- 24/01/2017. Dende a coordinación do Grao e Simultaneidade enviouse un correo electrónico aos tutores do PAT solicitando que se convoque unha reunión para o seguimento dos estudantes titorizados.
- 05/06/2017. Dende a coordinación enviouse un correo electrónico aos tutores do PAT e os alumnos tutores solicitando que cumprimentasen o anexo "IV-B: Cuestionario final de satisfacción do titor/a" e o envíen por correo electrónico a coordinadora. Tamén se solicita ao profesorado que, se aínda non enviaron á coordinadora os anexos II e III das dúas reunións mantidas o longo do curso, os acheguen para poder realizar o informe final do PAT deste curso.
- 05/06/2017: Dende a coordinación enviouse un correo electrónico aos alumnos titorizados solicitándolles que cubran o anexo "IV-A: Cuestionario final de satisfacción do alumnado" e o remitan por correo electrónico á coordinadora.

## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

### 4.1.4. Reunións e actuacións de coordinación da coordinadora de relacións internacionais co alumnado implicado en accións e programas de mobilidade

- O 12 de decembro de 2016 publicouse a convocatoria de mobilidade ERASMUS +.
- No mes de decembro de 2016, Amelia Rodríguez Piña, Directora da ORI, convocou a unha reunión aos alumnos de tódalas titulacións do edificio Xurídico-Empresarial.
- O 6 de marzo de 2017, ás 14.30h (seminario 51) a coordinadora de relacións internacionais convocou a unha reunión a tódolos alumnos que habían solicitado a mobilidade ERASMUS coa finalidade de explicarlles tódalas cuestións académicas da mobilidade.
- Posteriormente, tras a publicación da listaxe definitiva de destinos, a coordinadora mantivo diversas reunións, así como comunicación vía correo electrónico cos distintos alumnos a medida que ían cumprimentado ao seu acordo de estudos. Hai que destacar que tódolos alumnos cumprimentaron xa o seu acordo de estudos na Secretaría Virtual.
  - Durante o curso 17/18 realizarán mobilidade ERASMUS cinco alumnos de Grao en Dereito, e dous do PCEO. Do mesmo xeito, unha alumna de Grao empezou no mes de agosto de 2017 a súa mobilidade no marco do Programa de Bolsas Propias da Universidade de Vigo (mobilidade con América Latina).

Do mesmo xeito, cabe destacar que se abriu a II Convocatoria de mobilidade ERASMUS (para o segundo semestre do Curso 17/18) pero ningún alumno da Facultade participou en dita convocatoria.

### 4.1.5. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a de prácticas externas co alumnado ou cos titores/as implicados

#### A. Reunións e actuacións de coordinación

Durante o curso 2016/2017 realizáronse as seguintes reunión e actuacións en relación coa materia “Prácticas Externas”:

- Maio, xuño, xullo, setembro e outubro de 2016: diferentes reunións e toma de contacto cos organismos implicados na realización das prácticas coa finalidade de determinar o número de prazas, o proxecto formativo así como as actuacións necesarias para a realización das mesmas. Execútanse, ademais dos Convenios que xa figuran no informe 2015-2016, os seguintes convenios: Convenio do parlamento de Galicia coa Universidade de Vigo para a realización de prácticas académicas externas curriculares dos estudantes da Facultade de Dereito, de 16 de abril de 2015, Convenio de Cooperación Educativa con DGA Avogados, de 23 de marzo de 2016, Convenio de Cooperación Específica de Prácticas Externas entre a Universidade de Vigo e a Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, de 13 de xaneiro de 2016, Convenio de Cooperación Educativa con Ferro Rivadulla Avogados, de 19 de marzo de 2015, Convenio de Cooperación Educativa con ACEGA Asesores, de 10 de abril de 2014 e Convenio de Cooperación Educativa con Confederación Empresarial de Ourense, de 31 de xaneiro de 2014.
- Xuño 2016: Elaboración da guía docente pola coordinación.
- Setembro 2016: Convocatoria para o nomeamento de Titores académicos de Prácticas Externas. A Comisión Académica nomea como titores académicos aos seguintes profesores: Dna. Susana Álvarez González, D. Roberto Bustillo Bolado, Dna. Marta Fernández Prieto e Dna. Francisca Fernández Prol.
- Novembro de 2016: Publicación de oferta formativa de prácticas externas 2016-2017.
- 21 de decembro de 2016: Adxudicación das Prácticas externas + publicación da Resolución definitiva na plataforma TEMA e na páxina web da Facultade (apartado Grao en Dereito/Prácticas externas) + comunicación aos titores externos/externos dos datos dos alumnos seleccionados para a realización das prácticas nos distintos organismos e empresas implicados.
- Xaneiro/febreiro 2017. Presentación da materia prácticas externas ao comezo do cuadrimestre e intervención no curso 3.5.
- Reunións co alumnado. O obxectivo da reunión foi o seguinte: a) recepción a documentación pendente de entrega á coordinación; b) realizar o seguimento das prácticas externas curriculares e c) resolver as dúbidas xurdidas en relación coa elaboración de informes. As sesión informativas e de seguimento tiveron lugar nas datas determinadas polos horarios aprobados pola Comisión Permanente para o curso 2016-2017.
- Recepción do informe final e valoración dos titores externos. Publicación das cualificacións o 10 de xuño de 2017 (plataforma TEMA)

#### B. Informe sobre cooperación con Institucións e empresas na materia “Prácticas curriculares” no curso 2016-2017.

## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

De conformidade co disposto no Anexo I do procedemento de matrícula de materias optativas e na Normativa de prácticas externas curriculares dos estudos do Grao en Dereito, a oferta formativa para o curso 2016-2017 foi de 32 prazas. Estas prazas foron distribuídas do seguinte xeito:

Convenios con entidades e titores asignados			
Entidade	Titor externo	Titor A.	P
Colexio de Procuradores de Ourense	D <sup>a</sup> Lourdes Lorenzo Ribagorda	S. Álvarez	1
	D <sup>a</sup> M <sup>a</sup> Paz Feijoo-Montenegro Rodríguez	S. Álvarez	1
Colexio Notarial de Galicia	D <sup>a</sup> María Isabel Louro García	S. Alvarez	2
Confederación Hidrográfica Miño-Sil	D <sup>a</sup> Diana Carballeda Chan	R. Bustillo	2
Deputación Provincial de Ourense	D <sup>a</sup> Mónica Lesgapi Díaz	F. Fernández	2
Albino Ferreira Rivera	D. Albino Ferreira	R. Bustillo	1
ESEDE Avogados	D. Miguel Diéguez	R. Bustillo	2
XURISGAL	D. Amadino Ferreira	R. Bustillo	1
DGA Avogados	D <sup>a</sup> María José García Arias	R. Bustillo	1
Ferro Rivadulla Avogados	D. Primitivo Ferro Rivadulla	R. Bustillo	2
ACEGA Asesores	D <sup>a</sup> Angela M. Cal Arca	R. Bustillo	1
Subdelegación do Goberno	D. Manuel Arias Carral	S. Alvarez	4
Concello de Ourense	D <sup>a</sup> María José del Brio	M. Fernández	2
Parlamento de Galicia	D. Xosé Antón Sarmiento	F. Fernández M. Fernández	10
Centro Penitenciario Pereiro de Aguiar	D <sup>a</sup> Elena Fernández Montes	S. Álvarez	1
Confederación Empresarial de Ourense	Jaime Pereira e Francisco Muñoz	S. Álvarez	2

### C. Cronograma e calendario de prácticas externas no curso 2016-2017.

Calendario de prácticas	
Data	Proceso
Setembro de 2016	Nomeamento de titores académicos
Outubro de 2016	Publicación da oferta de prácticas
Do 1 ao 15 de novembro de 2016	Solicitud do alumnado (Anexo I)
Do 15 ao 30 de novembro de 2016	Adxudicación provisional de prácticas
Decembro de 2016	Adxudicación definitiva de prácticas
Do 23 ao 27 de xaneiro de 2017	Formalización da práctica (Anexo II)
Do 30 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2017	Comezo da práctica
12 de maio de 2017	Data límite de remate da práctica • Informe do titor externo: G080 e G0811 (Anexo III) • Informe do titor académico (Anexo IV)

### D. Valoración da consecución das propostas de mellora no curso 2016-2017.

- Mellora do iter temporal e da información pública mediante a aplicación do novo Regulamento de Prácticas externas da Facultade, elaboración do calendario e do cronograma
- Promoción por parte da coordinación de prácticas externas de convenios con empresas ou institucións públicas.

## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- Convenio de cooperación Educativa entre a Universidade de Vigo e Legalforma Servicios de Consultoría, S.L., de 15 de marzo de 2017.
- Actuación en relación coa páxina web e publicidade da información:
  - Creouse na páxina web un apartado de prácticas e emprego co obxectivo de potenciar a realización de prácticas externas extracurriculares do alumnado do Grao en Dereito, aínda que a súa xestión non depende nin está atribuída ao Centro.
  - Actualización do apartado prácticas externas curriculares durante o curso académico para que a información estea a disposición do alumnado matriculado.
- Potenciación do emprego, prácticas curriculares e extracurriculares na Facultade de Dereito mediante a acción formativa: Foro de Emprego Xurídico. Pódese atopar información sobre esta actividade na páxina web: <http://dereito.uvigo.es/gl/practicase-emplego/practicase-externas-curriculares>

### 4.1.6. Reunións e actuacións de coordinación da coordinadora da materia Tráballo fin de grao co alumnado ou cos tutores/as implicados e da Comisión Permanente

#### A. Reunións e actuacións de coordinación

Durante o curso académico 2016-17, a iniciativa da coordinadora da materia Tráballo fin de grao, dos tutores/as, dos membros do tribunal avaliador, do alumnado e da Comisión Permanente, encargada de xestionar os TFG e de resolver as dúbidas que xurdan ao aplicar e ao interpretar o Regulamento para elaborar o TFG en Dereito aprobado pola Xunta de Facultade, desenvóléronse múltiples actuacións conxuntas en relación coa materia Tráballo fin de grao. As máis salientables acometéronse nas seguintes datas:

- Xuño 2016: Elaboración da guía docente polo entón coordinador.
- 16/09/2016: Designación pola Comisión Permanente, mediante sorteo, dos membros do tribunal avaliador dos TFG en Dereito para o curso académico 2016/17 (convocatorias fin de carreira, xuño e xullo de 2017) e aprobación dos prazos de entrega de solicitudes para a presentación pública e a avaliación do TFG no curso 2016/17. Aprobación de criterios e asignación de tutores para o alumnado de nova matrícula da materia TFG para a convocatoria Fin de carreira.
- 23/09/2016: Aprobación de asignación de propostas temáticas para o alumnado de nova matrícula da materia TFG para a convocatoria Fin de carreira.
- Outubro 2016: Publicación da relación de profesorado que no curso 2016/17 reúne os requisitos para titorizar TFGs.
- 23/11/2016: Aprobación pola Comisión Permanente da listaxe provisional de asignación ao alumnado de persoas titoras para a elaboración do TFG para o curso 2016/17.
- 01/12/2016: Aprobación da listaxe definitiva de asignación de persoas titoras ao alumnado matriculado na materia TFG no curso 2016/17.
- 14/12/2016: Aprobación pola Comisión Permanente da listaxe provisional de propostas temáticas asignadas ao alumnado para a elaboración do TFG para o curso 2016/17.
- 15/12/2017: Remisión polo equipo decanal da Facultade de Dereito dunha consulta á Asesoría Xurídica da Universidade de Vigo sobre a Instrución relativa ao procedemento a seguir para a reclamación e revisión de cualificacións da materia TFG remitida aos centros con rexistro de saída de 28 de xuño de 2013 e firmada polo entón Vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade, D. Ignacio Barcia Rodríguez. Obxecto da consulta: tratar de garantir o dereito da alumna á revisión da súa cualificación e achegarlle aos membros da comisión de reclamacións encargada da revisión as indicacións oportunas.
- 20/12/2016: A Comisión Permanente estima a solicitude de revisión da cualificación do TFG presentada por unha alumna e designa aos membros titulares e suplentes da comisión de reclamacións encargada da revisión.
- 21/12/2016: Cambio do coordinador da materia TFG.
- 16/01/2017: Aprobación pola Comisión Permanente da listaxe definitiva de propostas temáticas asignadas ao alumnado para a elaboración do TFG para o curso 2016/17.
- 23/01/2017: Curso 3.5, destinado principalmente ao estudiantado de terceiro curso. Os seus obxectivos prioritarios son, fundamentalmente, facilitarlle o cambio que sempre lle supón o tránsito da etapa universitaria ao mercado laboral ou a estudos de mestrado e presentarlle información do seu interese académico e profesional, en relación, entre outras materias, co Tráballo Fin de Grao.
- 23/01/2017: Presentación da materia ao alumnado de 4º curso de grao. Neste acto, a coordinadora informa, fundamentalmente, sobre a guía docente da materia, con especial atención aos seus contidos e criterios de avaliación.



## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

Lémbraleslle ao estudiantado a importancia de que lle dedique á materia as horas non presenciais de estudo que a materia esixa, segundo o seu número de créditos, e que distribúan ese tempo de forma proporcional ao longo do cuadrimestre.

- 03/02/2017: Primeira sesión presencial sobre a elaboración do TFG co alumnado matriculado na materia. Obxecto: darlles unhas pautas xerais sobre o TFG -a elaboración do plan de traballo, plantilla, cita de referencias bibliográficas, protocolo de avaliación-, sen prexuízo das indicacións máis precisas que, en cada caso, poida darlles o seu respectivo titor.
- 09/02/2017: Modificación pola Comisión Permanente das listaxes definitivas de asignación de persoas titoras ao alumnado matriculado na materia TFG no curso 2016/17 e de propostas temáticas asignadas ao dito alumnado para incorporar aos estudantes que ampliaron á matrícula do curso 2016/17 a materia TFG.
- 24/02/2017: Aprobación pola Xunta de Facultade das modificacións ao Regulamento para a elaboración de Traballo de Fin de Grao a efectos de incorporar no anexo I as regras de presentación das citas e das referencias bibliográficas, incluír un novo anexo II (Proposta priorizada de persoas titoras), reenumerar anexos, modificar o antigo anexo III -novo anexo IV- para adaptalo ás competencias da materia en cada Grao G080 e G081 e incorporar como anexo V un Protocolo de avaliación.
- 20/04/2017: Aprobación pola Comisión Permanente das seguintes notas aclaratorias en relación cos TFGs.
  - Que os TFGs deberán axustarse ao número máximo de 100.000 caracteres previstos no art. 2.5 do Regulamento para elaborar o TFG da Facultade de Dereito, computándose unicamente, a estes efectos, os caracteres con espazos no corpo do traballo, é dicir, desde a introdución ata as conclusións, ambos os dous apartados incluídos e con notas ao pé de páxina tamén incluídas. Non se computarán os caracteres e espazos correspondentes á portada do TFG, resumo e palabras clave, índice, abreviaturas bibliografía final nin, no seu caso, á recompilación normativa e de xurisprudencia que poida incorporarse ao final do traballo. Todos estes apartados, agás a portada, sí se incluírán no número máximo de páxinas.
  - Respecto ás solicitudes que por causa xustificada poida presentar o alumnado para que o acto de defensa do seu TFG se celebre nunha data determinada dentro das habilitadas ao efecto, será o tribunal avaliador quen tome a decisión.
  - Non proceder á gravación do acto de defensa do TFG mentres a Facultade non dispoña dos medios técnicos e de persoal necesario para que esta ofrezca as garantías necesarias
- 21/04/2017: Segunda sesión presencial co alumnado, máis orientada á defensa pública -trámites que deben realizar, informe do titor, acto de defensa...-. Asistiron á sesión os tres membros titulares do tribunal avaliador.
- Xaneiro-xullo de 2017: remisión de correos e publicación de anuncios na plataforma de Teledocencia faitic, con información sobre premios aos TFGs máis destacados sobre temas vinculados ao Campus da Auga, premios Egeria á inclusión da perspectiva de xénero en TFGs defendidos na Universidade de Vigo da Área de Igualdade e axudas aos TFGs elaborados e defendidos en lingua galega; información sobre prazos para a solicitude de defensa e entrega de exemplares do TFG nas distintas convocatorias; sobre a acta da reunión do tribunal de TFGs na que se acorda a data concreta de celebración da defensa dos TFGs en cada convocatoria, así como a estrutura e distribución de cada unha das sesións coa orde de intervención. ...

### B. Informe sobre o desenvolvemento da materia “Traballo de fin de grao” no curso 2016-2017

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, dispón nas directrices para o deseño de títulos de graduado/a (art. 12 apartados 1, 3 e 7) que estes concluírán coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao, que terá un mínimo de 6 créditos e que deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estará orientado á avaliación de competencias asociadas ao título. En cumprimento de tal prescrición, o TFG incorporouse como materia obrigatoria de 6 ECTS do plan de estudos da Memoria do Grao en Dereito da Universidade de Vigo, a cursar no segundo cuadrimestre de 4º curso.

A incorporación do TFG aos plans de estudo da carreira de Dereito carece de antecedentes na tradición universitaria española, o que dificulta a configuración da materia e xustifica a necesidade de revisión tanto da súa configuración na Memoria como das guías docentes da materia, do regulamento para elaborar o TFG, e a propia praxe académica para tratar de evitar que o TFG estivese indebidamente sobredimensionado, cun exceso de carga de traballo para estudantes, titores e membros dos tribunais.

Xa no curso 2015-2016 procedeuse a unha modificación do Regulamento da Facultade de Dereito coa finalidade de incorporar os novos contidos esixidos polo Regulamento da Universidade de Vigo para a realización do TFG, aprobado en xullo de 2015; redefinir o concepto de TFG, rebaixando o peso do concepto “investigación” e concretando dunha forma ampla e centrada en aspectos académico-profesionais os traballos de “recompilación”, respectando o contido da ficha da memoria de verificación;

## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

flexibilizar as instrucións e esixencias de carácter puramente formal; limitar o número máximo de páxinas e de caracteres -50 páxinas e 100.000 caracteres-; e establecer un novo sistema de distribución equitativa dos labores de titorización entre todo o profesorado.

Tamén detectouse a necesidade de revisar os “Resultados de aprendizaxe” recollidos na ficha da materia TFG na memoria de verificación: “Co Traballo de Fin de Grao o estudante deberá demostrar, ademais de adquirir as competencias e habilidades necesarias para obter o Grao en Dereito, habilidades conducentes á elaboración, presentación e defensa dun traballo de investigación ou de recompilación, a partir de material inédito ou orixinal”. Tales resultados inclúen como resultado de aprendizaxe alternativo fronte a un “traballo de recompilación”, un “traballo de investigación”, cando no título de Grao en Dereito pola Universidade de Vigo non está previsto que os estudantes adquiran ningunha competencia nin habilidade directamente relacionada coa investigación. Na propia estrutura das sucesivas fases de estudos universitarios oficiais (Grao, Mestrado, Doutoramento), a iniciación á investigación e a investigación en si mesma están en principio deseñadas para un momento posterior á obtención por parte dos estudantes do título de Grao. Así, na vixente redacción do Real Decreto 1393/2007 establécense os seguintes fins dos distintos estudos universitarios oficiais:

- GRAO (art. 9): “os ensinos de Grao teñen como finalidade a obtención por parte do estudante dunha formación xeral (...) orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional”.
- MESTRADO (art. 10): entre os posibles fins dos ensinos de Mestrado figura “promover a iniciación en tarefas investigadoras”.
- DOUTORAMENTO (art. 11): os estudos de doutoramento deben conducir a “a adquisición das competencias e habilidades relacionadas coa investigación científica de calidade”.

De igual xeito, comprobáronse algunhas disfuncións producidas por cambios normativos da propia Universidade de Vigo que dificultaban a obtención do título de Graduado e o acceso ao Mestrado universitario en avogacía. Por unha banda, o art. 7.7 do novo Regulamento para a realización do traballo de fin de grao da Universidade de Vigo, que permite unicamente a defensa e avaliación da materia TFG cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG. E, por outra banda, desde o curso 2016/17 impídese o acceso e matrícula a mestrados oficiais da Universidade de Vigo en formación continua, polo que os estudantes do Grao en Dereito con algunha materia non superada e matriculados na convocatoria de fin de carreira non poden xa acceder ao mestrao universitario en Avogacía, nin sequera en formación continua. Ata entón, os estudantes que cumprían determinados requisitos podían incorporarse como alumnos en “formación continua”, como calquera outro estudante matriculado no Mestrado –aínda que con algunhas limitacións-, desde o comezo do curso, e, unha vez defendido o TFG e rematados os seus estudos de Grao en “fin de carreira”, converter a súa matrícula en “formación continua” nunha matrícula ordinaria no Mestrado.

### C. Accións de mellora propostas e desenvolvidas durante o curso 2016/17

1. 2016GDT04: Reflexionar xunto coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo sobre a necesidade de modificar o apartado 5.5.1.2. Resultados de aprendizaxe da ficha do TFG na memoria do Grao en Dereito.

Acordouse modificar o dito apartado e substituílo polo seguinte resultado de aprendizaxe:

“Buscar, ordenar e estruturar información sobre un tema de interese xurídico cun comportamento ético correcto. Coñecer, comprender, interpretar e aplicar criticamente fontes xurídicas. Expresarse correctamente coa linguaxe técnica propia do ámbito xurídico”.

2. 2016GDO04 Buscar alternativas para que os estudantes que terminen o TFG na convocatoria de fin de carreira que desexen incorporarse ao Mestrado universitario en Avogacía non atopen obstáculos que lles obriguen a perder un curso e non poder encadear os seus estudos de Grao cos seus estudos de Mestrado.

Na reunión da Xunta de Facultade de 31 de marzo acordouse habilitar un primeiro prazo de defensa de TFGs na convocatoria fin de carreira no calendario académico da Facultade curso 2017-2018 (25 a 29 setembro) unicamente para o alumnado ao que só lle falte a materia TFG para superar os seus estudos de Grao e que xa conte con proposta temática e titor asignado no

## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

curso 2016/17. A Comisión Permanente, na súa reunión de 29 de xuño de 2017 acordou xa os prazos de entrega de solicitudes e defensa pública do TFG para o curso 2017/2018.

3. Nova modificación do Regulamento para elaborar o TFG en Dereito da Facultade de Dereito coa finalidade de incorporar no anexo I Plantilla un documento de citas de referencias bibliográficas, para facilitar o labor do estudante o de titor e uniformar criterios, incluír un novo anexo II (Proposta priorizada de persoas titoras que xa existía pero non fora incorporado ao Regulamento), reenumerar anexos, modificar o antigo anexo III -novo anexo IV (acta do tribunal)- para adaptalo ás competencias da materia en cada Grao G080 e G081 e incorporar como anexo V un Protocolo de avaliación. Este Protocolo ten por obxecto proporcionar ao estudante e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Pretende desenvolver e concretar os criterios contemplados polo Anexo IV, coa finalidade de proporcionar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Os apartados contemplados polo anexo IV son sete, aínda que o primeiro deles esixe unha valoración previa á cualificación do TFG, para sancionar a utilización polo estudante de medios fraudulentos ou plaxio na elaboración do traballo, e os dous últimos só deben ser obxecto de avaliación nos supostos excepcionais de utilización de linguas estranxeiras ou traballo en equipo admitidos no Regulamento.
4. Previsión nos horarios de 4º curso de dúas sesións presenciais do coordinador de TFGs cos alumnos matriculados na materia TFG para proporcionarlles unhas pautas xerais sobre a elaboración e a defensa dos TFGs:
  - a. Unha primeira sesión, ao comezo do cuadrimestre co obxecto de presentar a elaboración do plan de traballo tendo en conta os prazos de solicitude e defensa do TFG, a guía docente, a plantilla, o manexo de fontes e a cita de referencias bibliográficas, a normativa, o protocolo de avaliación..., sen prexuízo das indicacións máis precisas que, en cada caso, poida darlles o seu respectivo titor.
  - b. Unha última sesión, próxima á data de defensa, máis orientada aos trámites de solicitude de defensa e ao propio acto de defensa pública, con participación dos membros do tribunal avaliador.
5. Aprobación pola Comisión Permanente na reunión de 16 de setembro de 2016 dos seguintes criterios de asignación de titores para o alumnado de nova matrícula da materia TFG para a convocatoria Fin de carreira, respectando os criterios previstos no Regulamento para elaborar o TFG en Dereito no procedemento ordinario:
  - a. Exclusión, a efectos de posterior sorteo, do profesorado que no curso pasado tivera asignados o número máximo de titorizacións asignadas, así como dos membros do tribunal do curso anterior e do curso presente.
  - b. Designación por sorteo, consonte á Disposición adicional segunda do Regulamento, entre os docentes restantes, das persoas titoras dos alumnos de nova matrícula na convocatoria de Fin de carreira.
6. Aprobación pola Comisión Permanente na reunión de 20 de abril de 2017 das seguintes notas aclaratorias en relación co Regulamento e os TFGs:
  - a. Que os TFGs deberán axustarse ao número máximo de 100.000 caracteres previstos no art. 2.5 do Regulamento para elaborar o TFG da Facultade de Dereito, computándose unicamente, a estes efectos, os caracteres con espazos no corpo do traballo, é dicir, desde a introdución ata as conclusións, ambos os dous apartados incluídos e con notas ao pé de páxina tamén incluídas. Non se computarán os caracteres e espazos correspondentes á portada do TFG, resumo e palabras clave, índice, abreviaturas bibliografía final nin, no seu caso, á recompilación normativa e de xurisprudencia que poida incorporarse ao final do traballo. Todos estes apartados, agás a portada, sí se incluírán no número máximo de páxinas.
  - b. Respecto ás solicitudes que por causa xustificada poida presentar o alumnado para que o acto de defensa do seu TFG se celebre nunha data determinada dentro das habilitadas ao efecto, será o tribunal avaliador quen tome a decisión.
  - c. Non proceder á gravación do acto de defensa do TFG mentres a Facultade non dispoña dos medios técnicos e de persoal necesario para que esta ofrezca as garantías necesarias

### Evolución dos datos académicos do alumnado matriculado e presentado o das cualificacións obtidas das distintas convocatorias desde o curso 2014/2015 ao curso 2016/2017

Datos comparativos	2014/2015	2015/2016	2016/2017
Estudantes matriculados	56	58	90

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

Estudantes presentados	<b>Totais no curso académico</b>		46 (+1 suspenso maio/xuño)	35 (32 aprobados + 3 suspensos)	53 (+4 suspensos FC)
	<b>Convocatoria fin de carreira</b>		7	4	14
	<b>Convocatoria maio/xuño</b>		23	10	29
	<b>Convocatoria xullo</b>		17	21	14
Cualificacións	<b>Globais por curso académico</b>	<b>MH</b>	1	0	4
		<b>Sobresaínte</b>	3	9	15
		<b>Notable</b>	20	11	18
		<b>Aprobado</b>	22	12	16
		<b>Suspenso</b>	1	3	4
	<b>Convocatoria fin de carreira</b>	<b>MH</b>	0	0	0
		<b>Sobresaínte</b>	0	0	1
		<b>Notable</b>	3	2	1
		<b>Aprobado</b>	4	1	8
		<b>Suspenso</b>		1 (aprobado en xuño 2017)	4 (aprobados en maio/xuño ou xullo 2017)
	<b>Convocatoria maio/xuño</b>	<b>MH</b>	1	0	2
		<b>Sobresaínte</b>	2	3	10
		<b>Notable</b>	9	3	11
		<b>Aprobado</b>	10	4	6
		<b>Suspenso</b>	1 (aprobado en xullo 2015)	0	0
	<b>Convocatoria xullo</b>	<b>MH</b>	0	0	2
		<b>Sobresaínte</b>	1	6	4
		<b>Notable</b>	7	6	6
		<b>Aprobado</b>	8	7	2
		<b>Suspenso</b>	0	2	0

4.1.7. Reunións e actuacións de coordinación da comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo

Co obxecto de avaliar e tomar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que xordan e establecer mecanismos de coordinación docente conxunta entrambos os centros (Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo), durante o curso académico 16/17 realizáronse un total de 5 reunións presenciais deste tipo, nas seguintes datas:

- 14/11/16: Reunión de coordinación co obxectivo de analizar as recomendacións para a mellora incluídas no informe final de seguimento da titulación 2014/15 remitido pola ACSUG, e das posibles accións de mellora, e planificar o traballo a realizar para a elaboración do autoinforme de acreditación.
- 12/01/17: Reunión de coordinación co obxectivo de revisar:
  - o autoinforme elaborado para o proceso de acreditación da titulación
  - o plan de melloras da titulación propostas para o curso 16/17
  - a proposta de modificacións a memoria da titulación propostas no curso 15/16
- 16/02/17: Reunión por videoconferencia para preparar a visita dos auditores con motivo do proceso de acreditación da titulación.
- 16/05/17: Reunión de coordinación co obxectivo de:
  - Redactar e aprobar, se procede, as competencias e obxectivos que deben figurar no Suplemento Europeo ao Título.

## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- Analizar do estado de execución das accións de mellora da titulación do Grao en Dereito propostas para o curso 2016/17 e adopción de acordos respecto da planificación do traballo a realizar para a execución das que aínda non foran implantadas. As accións de mellora da titulación para o curso 2016/17 son:
  - Solicitar aos coordinadores de materia que revisen se os resultados de aprendizaxe son coherentes cos contidos impartidos e as competencias da materia
  - Analizar as causas do reducido rendemento dos estudantes nalgunhas materias en comparación con outras que comparten competencias. Da mesma forma recoméndase analizar as causas das grandes diferenzas de rendemento entre sedes nalgunhas materias.
  - Realizar o estudo sobre a valoración docente do profesorado nas enquisas de satisfacción realizadas aos estudantes do Grao a nivel específico por materia.
  - Reflexionar sobre a necesidade de modificar o apartado "5.5.1.2. Resultados de aprendizaxe" da ficha do TFG na memoria do Grao en Dereito. O contido é demasiado esixente, incluíndo unha improcedente referencia á "investigación", o que, de acordo coa vixente normativa estatal sobre titulacións oficiais, non corresponde nos estudos de grao, senón, posteriormente, nos de doutoramento e, eventualmente (non é un contido necesario) a nivel de iniciación nos Mestrados.
- Definición, se procede, dos apartados das guías docentes da titulación que deben coincidir.
- Planificación, se procede, das actuacións a realizar para a elaboración do Informe de alegacións e plan de mellora ao Informe provisional de avaliación da renovación da acreditación do título de Graduado/a en Dereito pola Universidade de Vigo.

### 4.1.8. Reunións e actuacións de coordinación da Comisión de coordinación do PCEO ADE-Dereito

- Durante o curso académico 16/17 realizouse unha reunión o 22/06/2017 coa seguinte orde do día:
  - a) Informe das Sras. Coordinadoras dos graos en ADE e en Dereito sobre o balance do curso académico.

## 4.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas

### 4.2.1. Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Calidade

A Comisión de Calidade da Facultade de Dereito desenvolveu, entre outras, as seguintes accións en relación coa coordinación do Mestrado Universitario en Avogacía:

- 06/07/2016: Revisión previa á aprobación pola Xunta de Facultade das guías docentes para o curso académico 2016-2017.
- 14/07/2016:
  - Aprobación do cronograma das actividades de calidade correspondente ao primeiro cuatrimestre do curso 2016-17.
  - Validación do anteproxecto do PAESU para o curso 2016-17.
  - Validación do proxecto de Regulamento de prácticas externas e os seus anexos correspondentes.
  - Validación das actividades organizadas polo centro en relación co alumnado de novo ingreso para o curso 2016/17: curso cero e curso 3.5.
  - Validación das modificacións correspondentes ao procedemento para o seguimento e control da docencia.
- 28/10/2016:
  - Toma de postura sobre a (in)aplicabilidade do apartado de avaliación previsto nas guías docentes en materias sen docencia.
  - Toma de postura sobre a extensión dos programas de mobilidade - SICUE ás materias Traballo de Fin de Grao (TFG) e Prácticas Externas.
  - Toma de postura sobre o artigo 3.6. dos Regulamentos para a realización do Traballo Fin de Grao.
  - Validación dos informes de accións de coordinación do Grao en Dereito e do PCEO para o curso 2015-16
  - Validación dos informes de avaliación do PAT do Grao en Dereito do curso 2015-16, e do PAT para o curso 2016-17.
  - Aprobación do informe relativo ao PAESU do curso 2015-16 e do PAESU para o curso 2016-17.
  - Aprobación do informe final da coordinadora do grao en Dereito sobre o peche das guías docentes.
  - Validación da celebración do I Foro de Emprego Xurídico na Facultade de Dereito.
- 20/12/2016:
  - Aprobación do documento de reflexión sobre o perfil de ingreso e de egreso do alumnado do Grao en Dereito.
  - Aprobación do cronograma de actividades de calidade para o segundo cuatrimestre do curso 2016-17.

## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- Aprobación do Informe de resultados de avaliación correspondente ao curso 2015-16.
- Aprobación do Informe de QSP correspondente ao curso 2015-16.
- Validación das modificacións á memoria do Grao en Dereito.
- Validación da actualización das metas e indicadores vinculados a obxectivos de calidade do Centro.
- Validación do informe provisional de autoavaliación do Grao en Dereito.
- 16/01/2017:
  - Actualización do Plan Estratégico do Centro.
  - Validación do Informe definitivo de Revisión do Sistema pola Dirección correspondente ao curso 2015-16.
  - Validación do Plan de Melloras definitivo do centro e do Grao en Dereito para o curso 2016-17.
  - Validación do informe definitivo de autoavaliación cara á renovación da acreditación do Grao en Dereito.
  - Validación da modificación do Regulamento para elaborar o TFG en Dereito.
- 22/02/2017:
  - Validación do procedemento de cambio de grupo ou quenda.
  - Preparación da visita da Comisión Auditora no marco do proceso de renovación da acreditación do Grao en Dereito.
- 08/06/2017:
  - Validación do programa e data de celebración do curso cero e do curso 3.5.
  - Seguimento e actualización do Plan de Melloras do Centro.
  - Aprobación do texto da enquisa de satisfacción de persoas tituladas propia do Centro.
  - Adopción de medidas en relación coa mellora da participación dos distintos colectivos nas enquisas de satisfacción.
- 21/07/2017:
  - Validación dos informes correspondentes ao PAT do curso 2016-17 no Grao en Dereito.
  - Consideración de propostas para mellorar a asistencia ao PAT por parte do alumnado.

### 4.2.2. Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade

No curso 2015/2016 desenvolvéronse na Facultade de Dereito as seguintes accións formativas:

“CURSO 0: INTRODUCCIÓN AOS ESTUDOS DE DEREITO”

DATA: 2 DE SETEMBRO DE 2016

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

“XORNADA DE ACOLLIDA MESTRADO UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA”

DATA: 22 DE SETEMBRO DE 2016

LUGAR: SALA DE VIDEOCONFERENCIA FACULTADE DE DEREITO.

“DERECHO ADMINISTRATIVO, AGUA Y SOSTENIBILIDAD”

DATA: 6 E 7 DE OUTUBRO DE 2016

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

“PROGRAMA DE FORMACIÓN SOFTWARE EN LA NUBE”

DATA: 21 DE OUTUBRO DE 2016

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

“JORNADAS SOBRE FEMINISMO Y TEORÍA JURÍDICA: DEBATE SOBRE REGULACIÓN DA PROSTITUCIÓN”

DATA: 26 DE OUTUBRO DE 2016

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

“XORNADAS DE REXISTRO E CONTROL HORARIO NA XORNADA DE TRABALLO”

DATA: 26 DE OUTUBRO 2016

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

“LIGA DE DEBATE”

DATA: 14 AO 21 DE NOVEMBRO DE 2016

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

“SEMINARIO INTERNACIONAL: LOS RETOS DA GESTIÓN DEL CAMBIO EN LA EMPRESA DESDA PRESPECTIVA LABORAL Y SOCIAL”  
DATA: 17 E 18 DE NOVEMBRO DE 2016

“III SEMINARIO INTERNACIONAL HISPANO-BRASILEÑO SOBRE SOCIEDAD, DERECHOS HUMANOS Y MEDIO AMBIENTE”  
DATA: 21 E 22 DE NOVEMBRO DE 2016  
LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

“CURSO DE COMUNICACIÓN VERBAL: ORATORIA Y MEDIA TRAINING”  
DATA: 23 E 24 DE MARZO DE 2017  
LUGAR: FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

“CONGRESO EURAMERICANO DE DEREITO E POLÍTICA”  
DATA: 17 AO 21 DE ABRIL DE 2017  
LUGAR: OURENSE E SANTIAGO DE COMPOSTELA

“EL NUEVO RÉGIMEN JURÍDICO DEL URBANISMO EN GALICIA”  
DATA: 25 DE ABRIL DE 2017  
LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

“PENSAR EL DERECHO: DIÁLOGOS ENTRE UNIVERSIDAD Y JUSTICIA”  
DATA: 18 DE MAIO E 1 E 8 DE XUÑO DE 2017  
LUGAR: SALÓN DE GRADOS DA FACULTADE DE DEREITO.

“XORNADAS SOBRE AS XURISDICTIONS PENAL E CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA NA LOITA CONTRA A CORRUPCIÓN PÚBLICA”  
DATA: 13 DE XULLO DE 2017  
LUGAR: COLEXIO DE AVOGADOS DE OURENSE

### 4.2.3. Actuacións de promoción do centro.

Ao longo do curso 2016-17 leváronse a cabo diversas actividades de promoción do centro, dentro do mencionado Plan de promoción, entre as que destacan as seguintes relativas ao Grao en Dereito e PCEO:

- Celebración do curso cero. O día 5 de setembro de 2016 celebrouse o denominado “curso cero”, destinado a facilitar ao alumnado de novo ingreso o tránsito e adaptación ao ámbito universitario, presentando o grao en Dereito e dándolles a coñecer os instrumentos postos á súa disposición por parte de Facultade (achégase programa).
- Celebración do I Foro e Feira de Emprego Xurídico de Galicia. Os días 4 e 25 de novembro de 2016 celebrouse “Orienta Iuris”, evento ao que asistiron un centenar de persoas vinculadas ao mundo do Dereito. Conferencias, microcharlas, zona de stands e talleres foron as principais propostas desta cita especializada, que reuniu nun mesmo espazo a profesionais, estudantes e egresados. Tras a inauguración, na que participaron o vicerreitor do Campus de Ourense, Virxilio Rodríguez, o alcalde de Ourense, Jesús Vázquez Abad; o presidente da Audiencia Provincial, Antonio Piña, e a Decana da Facultade, Marta Fernández, comezou a programación das charlas. Os relatorios abordaron temas de interese para o emprego de alumnos e egresados, pero tamén trataron cuestións de actualidade sectorial para profesionais en activo. As xornadas finalizaron coa celebración dun taller de emprego (achégase o programa).
- Celebración do curso 3.5. O Curso de Orientación académica para estudantes de terceiro curso do Grao en Dereito celebrouse o luns 23 de xaneiro de 2017 na aula Magna da Facultade de Dereito. Os seus obxectivos son facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de mestrado e o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral; presentar ao alumnado de terceiro curso información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de grao; e dar a coñecer ao alumnado os recursos e ferramentas que teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito (achégase programa).
- Outras actividades de promoción. Ademais das actividades indicadas, ao longo do curso 2016-17, de maneira continuada, procurouse dar a maior publicidade posible ás actividades desenvolvidas no centro (aparicións nos medios de comunicación, mantemento e actualización da páxina web, participación en xornadas de difusión...), así como dirixir a oferta formativa cara aos seus destinatarios potenciais (atender as distintas peticións procedentes de centros de ensino

## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

sobre visitas a e información sobre o centro, colaboración co colexio de avogados, publicidade durante a celebración da PAU...) con especial atención ao eventual proceso de internacionalización (visitas de profesores estranxeiros e de profesores propios en centros estranxeiros, charlas do persoal da oficina de relacións internacionais, reunións destinadas a preparar un futuro plan de internacionalización, etc.).

En concreto, sen ánimo de exhaustividade, cabe detallar as seguintes actuacións desenvolvidas durante o curso 2016-17 para a promoción do centro e das súas titulacións:

- o En centros de educación secundaria e bacharelato e de Formación Profesional da provincia:
  - a. Remisión, o 9 de maio de 2017, dun correo electrónico con información sobre as titulacións de grao do centro (perfil de ingreso, plan de estudos, perfil de egreso) aos orientadores/as de ensino secundario e centros de FP da provincia, do seguinte tenor (achégase a documentación enviada):

“Estimadas orientadoras e orientadores,

Poñémonos en contacto con Vdes. desde a Facultade de Dereito de Ourense dá Universidade de Vigo coa finalidade de darlles a coñecer a nosa oferta formativa e promocionar o Centro entre o seu alumnado.

As titulacións de grao que ofertamos con número de prazas limitadas son as dúas seguintes ?que poden posteriormente complementarse con estudos de Mestrado e Doutoramento-:

- Grao en Dereito (4 anos, 50 prazas).

- Dobre titulación en Grao en Dereito+Grao en Administración e Dirección de Empresas (5 anos, 20 prazas)

Nos arquivos anexos achegamos vos folletos informativos sobre a oferta académica e unha breve presentación que utilizamos nas xornadas de portas abertas. Na presentación sintetizamos algunhas das razóns para estudar Dereito non campus de Ourense. En todo caso, se desexan máis información podar atopala non nosa páxina web (<http://www.dereito.uvigo.es>) ou poden contactar connosco a través desta conta de correo electrónico ou non teléfono 988368900?.

- o Charlas divulgativas nos centros de educación secundaria que contactaron directamente co centro: O venres, día 28 de abril, a Decana da Facultade acudiu ao Colexio Plurilingüe ?María Auxiliadora? de Ourense (a petición do propio centro) para promocionar a titulación do Grao en Dereito entre alumnos de Bacharelato.
- o Programación da visita de varios alumnos dun Instituto de Monforte o mércores, 8 de febreiro, ás 11:30 h., para coñecer a Facultade de Dereito e as súas titulacións, previa petición por parte da orientadora do centro.
- Xornada de portas abertas: o mércores día 22 de marzo a Decana da Facultade participou nunha "Xornada de portas abertas" -actividade conxunta de promoción dos Centros do Campus de Ourense - organizada polo Vicerreitorado do Campus de Ourense- Campus da Auga, aproveitando o "Día Mundial da auga", coa finalidade de orientar aos estudantes sobre o seu futuro universitario, presentar os centros e as titulacións impartidas no Campus, dar a coñecer a investigación que se realiza no marco do Campus do Auga e presentar as instalacións do Campus así como os seus equipamentos e a oferta de actividades culturais e deportivas. A vicerreitoría de Campus encárgase agora institucionalmente de promocionar o Campus así como as titulacións. A visita abriuse a toda a comunidade educativa, previa solicitude por parte dos centros educativos interesados, e ata completar o aforamento do Salón de Actos Marie Curie (400 prazas).
- Organización de actividades múltiples: conferencias, seminarios, congresos, xornadas sobre temas xurídicos, comunicados de prensa sobre os principais eventos e novidades, folletos e Carteis informativos que poden consultarse na páxina web da Facultade na ligazón de actualidade -<http://dereito.uvigo.es/es/actualidad> e <http://dereito.uvigo.es/gl/actualidade>-. (figuran supra no apartado 4.2.2).
- Promoción internacional do centro: basicamente a través do profesorado, PAS e alumnado que realiza estancias en Universidades estranxeiras. Incluíndo especialmente o nomeamento como Doutor honoris causa pola Universidade de Comahue (Arxentina) ao catedrático emérito de Dereito romano da Facultade D. Luís Rodríguez Ennes, o 20 de decembro de 2016 (celebrada a entrega o 28 de abril de 2017). Respecto da estancia de profesores da Facultade no marco do Programa Erasmus, constan no centro as seguintes: D.<sup>a</sup> Inés Iglesias Canle, D.<sup>a</sup> Mónica Siota Álvarez, D.<sup>a</sup> María Dolores Fernández Fustes, D.<sup>a</sup> María Victoria Álvarez Buján e D.<sup>a</sup> María José Bravo Bosch -esta, sen docencia maioritaria no noso centro, aínda que figura nunha materia optativa-. Finalmente, o Prof. Pablo Raúl Bonorino Ramírez actualmente realiza unha estancia de investigación (28 de xuño ao 8 de setembro) na Universidade da Prata (no marco do proxecto de investigación MINECO).
- Revisión e actualización da sección alumnado da web da Facultade, coa finalidade de incluír información para captar alumnado de novo ingreso. En concreto, información precisa sobre:



## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- 10 razóns para estudar Dereito e facelo no Campus de Ourense <http://dereito.uvigo.es/es/alumnado/bienvenida>
- As múltiples saídas profesionais das titulacións xurídicas <http://dereito.uvigo.es/es/alumnado/bienvenida>
- Presentación da decana: Estuda na Facultade de Dereito do Campus de Ourense <http://dereito.uvigo.es/es/alumnado/orientacion-ao-alumnado>
- En que consiste o Grao en Dereito? Vídeos do Prof. Dr. Roberto O. Bustillo, profesor de Dereito Administrativo e ex decano da Facultade e de D<sup>a</sup>. Alba Rodríguez Álvarez, alumna do grao en Dereito <http://dereito.uvigo.es/es/alumnado/orientacion-ao-alumnado>
- Estrutura en Mencións: Información detallada sobre o Grao en Dereito e asencións no título de graduado que oferta a Facultade de Dereito de Ourense: a Mención en Dereito xudicial, máis clásica e xeneralista dentro da especialización, e a Mención en Dereito da UE e desenvolvemento sustentable, máis innovadora e cun enfoque supranacional <http://dereito.uvigo.es/es/alumnado/orientacion-ao-alumnado>
- O alumnado opina: Grao en Dereito e PCEO ADE-Dereito. Vídeos promocionais con intervención de dous alumnos do Grao (D<sup>a</sup>. Beatriz Pardo Igrexas e D. Alejandro Soriano Rodríguez) e dous alumnos do PCEO (D. Iván Fariñas Álvarez e D<sup>a</sup>. Paula Gamallo Carballude) <http://dereito.uvigo.es/es/alumnado/orientacion-ao-alumnado>.

### 4.3. Contido do informe: incidencias relevantes e accións de mellora

#### 4.3.1. Actuacións e incidencias máis relevantes

Este informe ten como obxectivo servir de complemento á información en relación co discorrer do grao que xa consta nos apartados anteriores.

Por orde cronolóxica, indícanse as actuacións e incidencias que se formularon ao longo do curso 2015-2016 no Grao en Dereito, así como as accións de mellora levadas a cabo dende a coordinación.

1. No mes de xullo a decana da facultade remite un correo electrónico aos alumnos dos últimos cursos do Grao e PCEO solicitando a súa colaboración para formar parte do PAT como alumnos tutores.
2. O 19/07/2016 solicitouse, dende a coordinación, aos profesores do primeiro cuatrimestre, a entrega do cronograma de actividades das materias a impartir no primeiro cuatrimestre, establecendo como fecha límite o 31 de agosto de 2016.
3. O 02/09/2016 celebrouse a Xornada de acollida para o alumnado de primeiro curso do Grao en Dereito e do programa conxunto ADE/DEREITO co obxectivo de:
  - Facilitar ao alumnado o tránsito dende o ensino de secundaria ao ensino universitario.
  - Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito.
  - Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito .
4. O 5/09/2016, enviouse un correo electrónico aos docentes indicando que guía e procedemento de avaliación se aplica aos alumnos matriculados en materias do plan G080 (con dereito a exame exclusivamente e sen dereito a docencia).
5. O 6/09/2016, dende a coordinación, enviouse un correo electrónico aos docentes solicitando que, si van a facer uso da plataforma de teledocencia Fatic, verifiquen que a materia que van a impartir está dada de alta na plataforma.
6. O 08/09/2016, dende a coordinación, enviouse un correo electrónico aos docentes informando sobre a posta en marcha do proceso de planificación das Enquisas de Avaliación Docente EAD do 1º cuatrimestre do curso 2016/2017.
7. O 14/09/2016 publicase na web do centro o anexo I do PAT coa asignación de alumnos a profesores/tutores/alumnos/tutores para o curso 16/17 e enviouse un correo electrónico os tutores do PAT solicitando que se convocase una primeira reunión con alumnos tutorizados para a toma de contacto e detección de necesidades especiais. Todos os tutores enviaron copia do correo electrónico no que convocaban aos seus alumnos a esta primeira reunión.
8. 15/09/2016: Reunión de coordinación da titulación para a revisión do informe provisional de seguimento da titulación 2014/15 remitido pola ACSUG. Tras analizar o contido do informe, acordan non formular alegacións ao informe do curso 2014/15 neste momento procesal ao ser éste conforme e ser parecer máis efectivo este criterio. Tamén se acorda celebrar unha reunión no mes de outubro para, a vista das recomendacións para a mellora incluídas en dito informe, prantexar as accións de mellora conxuntas.
9. O 16/09/2016, dende a coordinación, enviouse un correo electrónico os estudantes tutores do PAT para convocalos a unha reunión o 20 de setembro. En dita reunión analizáronse as súas funcións dentro do PAT.
10. O 22/09/2016, dende a coordinación, procedeuse a completar as planificacións das Enquisas de Avaliación Docente EAD para aqueles docentes que non a completaron no prazo establecido.
11. O 22/09/2016, dende a coordinación, enviouse un correo electrónico aos coordinadores de materias do grao e PCEO para informarles da publicación, na web da facultade, do cronograma de actividades das materias a impartir no primeiro cuatrimestre.

## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

12. 14/11/16: Reunión de coordinación da titulación co obxectivo de analizar as recomendacións para a mellora incluídas no informe final de seguimento da titulación 2014/15 remitido pola ACSUG, e das posibles accións de mellora, e planificar o traballo a realizar para a elaboración do autoinforme de acreditación:

- Acórdase analizar primeiro os datos do curso 15/16 relativos aos distintos indicadores e evidencias dos que dispón a titulación, para, posteriormente, entre os coordinadores da titulación, acordar as melloras a propor para o curso 16/17 tendo en conta estas recomendacións.
- Dado que unha das recomendacións que prantexa a ACSUG é “analizar as causas das grandes diferencias de rendemento entre sedes en algunhas materias” acórdase facer un estudo dos resultados das materias e analizar as materias nas que os resultados sexan moi baixos en comparación co resto e ver si existe relación co resultados das enquisas de avaliación docente para esas materias.
- Acórdase establecer como fecha tope o 2 de Decembro para enviar o informe de autoavaliación provisional á Area de Calidade e que sexan os coordinadores de titulación os que establezan os mecanismos de coordinación que consideren convenientes. Acórdase a delegación nos coordinadores da elaboración do informe de autoavaliación de acreditación da titulación.
- Indícase que a par do informe da autoavaliación, deberase elaborar o informe de revisión pola dirección para o curso 15/16.

13. O 02/12/2016 celebrouse unha reunión da Coordinadora de Grao e da Vicedecana de Organización Académica cos delegados/as e subdelegados/as de tódolos cursos do Grao en Dereito e Simultaneidade. Nesta reunión informouse, dende a coordinación, das seguintes cuestións:

- Vaise solicitar ao profesorado a posta en marcha dos cronogramas de actividades do segundo cuatrimestre do curso 2016-2017. Indícase aos delegados que se lles avisará, por e-mail, da súa publicación na web da Facultade e pídeselles que, tras a súa publicación, os revisen para verificar que a carga de traballo das materias atópase repartida equitativamente ao longo do cuatrimestre.
- Revisión do cumprimento das guías docentes por parte de profesorado e alumnado. Indícase a necesidade de revisar que o profesorado se axuste ao indicado na guía docente, o que implica que o alumnado coñeza todo o reflectido en dita guía.
- Infórmase de que, nos próximos meses, o Grao someterase a un proceso de acreditación polo que se solicita a colaboración das delegadas/os neste proceso. Pediráselles a súa participación nas reunións que manteña o equipo auditor co alumnado.

E recóllense os seguintes comentarios por parte dos alumnos:

- Os delegados de 3º curso indican que non hai queixas relevantes e que se solventou o problema indicado na anterior reunión sobre a aplicación da guía docente de Dereito Penal.
- O delegado de 1º curso informa sobre un cambio de clase que se pactou entre todos os alumnos con motivo das clases do luns, 31 de outubro, previo a data festiva do 1 de novembro, e que se acordou recuperar noutra data co profesorado implicado. Este acordo rompeuse no momento en que dúas alumnas acudiron ás clases do luns, o que motivou que, a lo menos en dúas materias se impartise clases normalmente e non se recuperase/repetise dita clase.
- Solicitan que se pida ao profesorado que respecte os horarios docentes dado que, en materias como Dereito Romano, se alargan as clases ata 20 minutos o que supón reducir eses minutos na seguinte clase (neste caso Dereito Constitucional). Dende a coordinación se lles indica que se transmitirá ao profesorado dita queixa.
- Tamén indican que a guía docente da materia "Teoría do Dereito" sinala que a proba práctica e a proba teórica son independentes e que se gardan, para Xaneiro e Xullo, cada parte, de xeito independente. Sen embargo, o profesor Bonorino indicoulle ao alumnado que elo non se aplicaba, que si non superaban ambas as dúas partes, deberían acudir á convocatoria de Xaneiro ou Xullo con toda a materia.

Dende a coordinación se lles indica aos delegados que se transmitirán aos docentes todas as queixas recollidas.

14. O 02/12/2016 celebrouse unha reunión da Coordinadora e a Vicedecana de Organización Académica co profesorado que ten docencia nas materias do Grao en Dereito e Simultaneidade.

Informouse, dende a coordinación, das seguintes cuestións:

- En breve, solicitarase, a entrega do cronograma de actividades académicas do segundo cuatrimestre, onde se recolla a planificación do traballo docente, semana a semana, destacando as distintas actividades a realizar de cara á avaliación continua do alumnado e o temario a abordar. A entrega de dito cronograma é obrigatoria.
- Recórdase a importancia de seguir escrupulosamente o reflectido nas guías docentes e recoller evidencias da aplicación das distintas metodoloxías de avaliación. As evidencias recollidas en cada materia debe gardadas o coordinador de materia durante tres anos.

## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- Ao longo do curso académico, durante a impartición dunha materia, non se pode variar o método de avaliación indicado na guía docente, aínda que se acade un acordo cos alumnos e se consiga a súa aprobación. Hai que axustarse sempre ao indicado na guía docente.
- O profesorado que imparte unha materia (e o número de horas a impartir) deberá axustarse ao indicado no POD do departamento. Se se producen cambios ao longo do cuadrimestre, deberán reflectirse no POD. No centro, a única información da que dispoñemos oficialmente para saber quen imparte unha materia ou quen é o coordinador, é a indicada no POD. Polo que é necesario que o POD estea actualizado.
- Segundo o procedemento para o seguimento e o control da docencia, calquera incidencia na docencia teórica ou práctica comunicárase á secretaría do Decanato e ao alumnado afectado con antelación suficiente, indicando o día da incidencia, o motivo e o día de recuperación da clase, que se acordará previamente co alumnado a efectos de causarlle as menores distorsións posibles na planificación e desenvolvemento das ensinanzas.
- Por outra banda, indícase ao profesorado que ante a solicitude do alumnado de cambiar a data ou hora de impartición dunha clase, aínda que se chegue a un acordo coa maioría do alumnado, debe de terse en conta que si no horario oficial asiste algún alumno/a debe de impartirse a docencia no horario establecido pola Facultade, independentemente de que despois o profesor repita a docencia desa clase no día acordado co alumnado.
- Á Vicedecana de Organización Académica informa das seguintes cuestións:
  - Detección de incumprimentos nos horarios dalgúns materias optativas, que finalizaron, en ocasións a petición do alumnado, as clases no mes de abril, polo que compre recordar que os horarios e calendario académico deben cumprirse con rigor.
  - Traslado dos incumprimentos, graves ou reiterados, das obrigas docentes aos Departamentos correspondentes, segundo o sinalado no Procedemento para o Seguimento e Control da Docencia do centro (R2-DO-0201 P1).

Os profesores comunican á coordinación o seguinte:

- A profesora Ana Garriga indica que é necesario revisar os ordenadores do profesor nas aulas de docencia e actualizalos.
  - O profesor José Abundancia pregunta sobre como se debe avaliar a un alumno que, á metade do cuadrimestre, renuncia á avaliación continua. A coordinadora indícalle que deberá de seguirse o indicado na guía docente. Se na guía docente non se contemplou este suposto, a coordinadora entende que se debería aplicar a avaliación para non asistentes. E recomenda a todo o profesorado que na guía, no apartado de avaliación, recolla claramente todos os supostos nos que se podería atopar un alumno á hora de avalialo.
  - A profesora Belén Sánchez manifesta que no 2º curso do PCEO, o alumnado non asiste regularmente a clases ou mostra pouca atención no transcurso das mesmas. A Vicedecana de Organización académica indícalle que se falará cos alumnos para solicitarlles que melloren o seu comportamento na aula.
  - O profesorado comenta a necesidade de que se estude a posibilidade de instalar inhibidores nas aulas para regular o uso dos dispositivos móbiles. A vicedecana comenta que non é fácil atopar unha solución pero que se estudará.
15. 12/01/2017: Reunión de coordinación da titulación co obxectivo de revisar:
- a. o autoinforme elaborado para o proceso de acreditación da titulación
  - b. o plan de melloras da titulación propostas no curso 1516
  - c. a proposta de modificacións a memoria da titulación propostas no curso 1516
- Acórdase solicitar nas respectivas Xuntas de Facultade da Facultade de ambos os dous centros a delegación nos coordinadores do Grao en Dereito das correccións do autoinforme de acreditación da titulación. A coordinadora do Grao de Dereito da Facultade de Dereito de Ourense comprométese a subir na plataforma habilitada pola ACSUG o autoinforme de acreditación da titulación así como as propostas de modificación á memoria.
  - Acórdase publicitar e dar a máxima difusión ao proceso de acreditación da titulación nos respectivos centros. Planificación da visita á Facultade de Dereito de Ourense e dispoñibilidade da Sala de Videoconferencia da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo para o 23 de febreiro de 2017.
  - Acórdase presentar o plan de melloras en fichas en ambos os centros e tamén se acorda presentar catro accións de mellora comúns á titulación.
  - Acórdase establecer unha reunión para levar a cabo a correcta modificación da memoria da titulación.
16. O 18/01/2017 informouse, dende a coordinación, aos profesores do segundo cuadrimestre, sobre a posta en marcha do proceso de planificación das Enquisas de Avaliación Docente EAD, establecendo como fecha límite o 10 de febreiro para introducir a proposta de datas de realización das enquisas, e indicando que, pasada esa data, se o profesorado implicado non introduce ningunha data será a coordinadora a que introduza as datas de realización das enquisas.
17. O 20/01/2017 enviouse, dende a coordinación, un correo electrónico aos profesores do segundo cuadrimestre, informando que xa estaban publicados, na web da facultade, os cronogramas de actividades das materias a impartir no segundo cuadrimestre, e solicitando os cronogramas que non foran aínda entregados.
18. O 20/01/2017 organizouse, o curso 3.5, fundamentalmente destinado a alumnos de terceiro curso do Grao en Dereito. Os obxectivos deste curso son:

## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- Facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de Mestrado e o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral.
- Presentar ao alumnado de terceiro curso información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de grao: TFG, posibilidades de obter una mención no título, etc..
- Dar a coñecer ao alumnado os recursos e ferramentas que teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.

Os temas abordados foron os seguintes:

- Prácticas extracurriculares e emprego. D.<sup>a</sup> Sandra Morales. FUVI.
- A optatividade e a estrutura en Mencións. Prof.<sup>a</sup> Dra. Marta Fernández Prieto. Decana da Facultade de Dereito.
- A organización da materia optativa Prácticas externas. Prof.<sup>a</sup> Dra. Susana Álvarez González. Coordinadora da materia Prácticas externas do Grao en Dereito.
- O Traballo fin de grao. Prof.<sup>a</sup> Dra. Marta Fernández Prieto. Decana da Facultade de Dereito.
- A mobilidade do estudantado no estranxeiro. Prof.<sup>a</sup> Dra. M.<sup>a</sup> Belén Sánchez Ramos. Coordinadora de Relacións Internacionais da Facultade de Dereito.
- Estudos de posgrao e saídas profesionais: o Mestrado universitario en avogacía. Prof.<sup>a</sup> Dra. M.<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes. Coordinadora do Mestrado universitario en avogacía da Facultade de Dereito.

19. O 24/01/2017, dende a coordinación, enviouse un correo electrónico aos titores do PAT solicitando que se convocase unha segunda reunión para o seguimento dos estudantes tutorizados.

20. O 24/01/2017 celebrouse unha reunión da Coordinadora de Grao e da Vicedecana de Organización Académica cos delegados/as e subdelegados/as de todos os cursos do Grao en Dereito e Simultaneidade. Nesta reunión a coordinadora informa sobre:

- Xa está publicado na web da Facultade o cronograma de actividades do segundo cuadrimestre do curso 2016-2017. Pídeselles as/os delegadas/os que o revisen para verificar que a carga de traballo das materias atópase repartida equitativamente ao longo do cuadrimestre. O delegado de 3º curso do PCEO solicita un cambio en dito cronograma polo solapamento de dúas probas. Se lle indica que dende a Coordinación se solicitará ao profesorado implicado que cambie as datas.
- Revisión do cumprimento das guías docentes por parte do profesorado e alumnado. Indícase a necesidade de revisar que o profesorado se axusta ao indicado na guía docente, o que implica a necesidade de que o alumnado coñeza todo o reflectido en dita guía.
- Infórmase de que, nos vindeiros meses, o Grao someterase a un proceso de acreditación polo que se solicita a colaboración das delegadas/os neste proceso. Pediráselles a súa participación nas reunións que manteña o equipo auditor co alumnado.
- O venres, día 3 de febreiro, impartirase unha clase presencial a todos os estudantes matriculados na materia TFG co obxectivo de darlle unhas pautas xerais sobre a elaboración do TFG.

Recóllense os seguintes comentarios por parte dos alumnos:

- O delegado de 2º curso do PCEO informa sobre as queixas dos alumnos con respecto ao calor nas aulas nos meses de primavera e no mes de setembro. A Vicedecana indica que se está a solucionar esta incidencia, posta de manifesto, mediante escrito da Decana, perante o servizo de prevención de riscos laborais. Este último efectuou medicións de temperaturas e elaborou un informe, que, posteriormente, se trasladou aos órganos competentes da Universidade de Vigo.
- Os delegados tamén indican, con respecto as queixas formuladas pola docente de Dereito Internacional Público sobre o mal comportamento dos alumnos de 2º de PCEO, que non están de acordo con estas afirmacións e piden que se transmita ao profesorado implicado (literalmente "ao departamento"). A Vicedecana sinala que o profesorado que formulou as devanditas queixas conta cunha moi dilatada e solvente experiencia, polo que, aínda non sendo, probablemente, xeralizado o referido comportamento inadecuado, entende que sí se produciu.
- Sobre os horarios, o alumnado do PCEO manifesta que está descontento con ter que comezar as clases as 15:30 h e rematar as 21:30 h, preferindo que tamén se impartan clases os venres.
- A Vicedecana transmítelles a dificultade de elaborar os horarios, habida conta da elevada carga docente dos alumnos do PCEO (75 ECTS, fronte ao 60 ECTS dos alumnos de Grao) e tamén a necesidade de compatibilizar os horarios das materias de Dereito cos horarios das materias de ADE. En todo caso, de persistir o alumnado na intención de fixar clases os venres -para rematar os días restantes ás 20:00 h- e sempre que a mesma sexa compartida por unha maioría dos estudantes implicados, a Vicedecana sinala que se podería avaliar dita alternativa.
- Os alumnos tamén indican que consideran que nalgúns materias teñen un temario excesivo. A coordinadora indícalles que lle envíen un e-mail concretando a qué materias se refiren e a listaxe dos temarios que lles impartiron os docentes.

## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- Os alumnos poñen tamén de manifesto que, no marco do PCEO, os exames do Grao en Dereito se solapan cos do Grao en ADE. A Vicedecana lles indica que non hai ningún solapamento: os alumnos poden acudir a todos os exames de cada curso, mediando ademais un mínimo de 24 horas entre cada proba. A Vicedecana, por outra banda, lembra que, consonte ao procedemento de aplicación e con carácter previo a súa aprobación pola Xunta de Facultade, as datas dos exames do Grao en Dereito son remitidas á delegación de alumnos, para que, no seu caso, propoñan cambios no correspondente calendario. O delegado roga que lle solicitemos ao Decanato de ADE que envíen á delegación de alumnos de Dereito, o calendario de exames para a súa revisión antes da súa aprobación. Tamén solicitan manter unha reunión de coordinación das dúas titulacións.
- Preguntan se o profesorado pode realizar exames orais. Se lles indica que sí, sempre que estea recollido na guía docente.
- Indican que hai profesorado que non cumpre o horario de titorías. Se lles indica que existe un formulario de queixas para notificar ao decanato ditos incumprimentos.
- O delegado de 3º do PCEO tamén se queixa da proximidade das datas no calendario de exames. A Vicedecana sinala que a Universidade fixa, para o conxunto da institución, no marco do calendario académico, os períodos de avaliación, polo que todos os exames deben sinalarse nese concreto marco temporal. Por outra banda, de novo, a Vicedecana indica que o calendario de exames se envía a Delegación de alumnos para a súa revisión e que teñen que ser eles, no caso de detectar disfuncións, os que propoñan cambios no calendario.
- O delegado de 1º de Grao indica que na materia de Dereito Romano non se está a aplicar a guía docente, tanto no relativo ao tipo de probas a realizar, como con respecto a porcentaxe asignada a cada proba. Os alumnos indican que non teñen claro como valorará o 40% da nota final, tendo en conta que o 60% o representa o exame final e que non se realizaron outro tipo de probas. Tamén indican que houbo unha confusión por parte do profesor na publicación da data de revisión do exame final o que provocou que algúns alumnos non se decataran polo que rogan que se fixe outra data para a revisión de exames. A Vicedecana lles indica que se enviará un e-mail ao profesor responsable poñendo no seu coñecemento estas queixas e instando a que tome as medidas necesarias para axustarse ao publicado na guía docente e para fixar unha nova data de revisión.
- O delegado de 3º curso indica que nalgúns materias se pide un mínimo de nota para poder calcular a nota final e ao alumnado parécelle excesiva esta medida. Dende a coordinación se lles indica que, sempre que se contemple na guía docente, cada profesor pode decidir se esixe ou non un mínimo de nota en cada parte da materia ou probas.
- As delegadas de 4º curso reiteran as queixas dos seus compañeiros en canto a que existe, algunhas veces, moita proximidade entre as datas dos exames e en que algúns docentes rematan as súas clases máis tarde do que marca o horario, obrigando o docente da seguinte materia a reducir o seu horario docente.

Dende a coordinación se lles indica aos delegados que se transmitirán aos docentes todas as queixas e suxerencias recollidas.

21. O 16/02/2017 celébrase unha reunión de coordinación da titulación (por videoconferencia) para preparar a visita dos auditores con motivo do proceso de acreditación da titulación.
22. O 7/4/2017 celebrouse unha reunión da Coordinadora e a Vicedecana de Organización Académica co profesorado con docencia nas materias do Grao en Dereito e Simultaneidade.

Informe, dende a coordinación, das seguintes cuestións:

- En breve, solicitarase a elaboración das guías docentes para o curso 2017/18.
- Recórdase a importancia de seguir escrupulosamente o reflectido nas guías docentes e recoller evidencias da aplicación das distintas metodoloxías de avaliación. As evidencias recollidas en cada materia deben de ser gardadas por cada coordinador de materia durante tres anos.
- O longo do curso académico, durante a impartición dunha materia, non se pode variar o método de avaliación indicado na guía docente, aínda que se acade un acordo cos alumnos e se consiga a súa aprobación. Hai que axustarse sempre ao indicado na guía docente.
- O profesorado que imparte unha materia (e o número de horas a impartir) deberá axustarse ao indicado no POD do departamento. Se se producen cambios ao longo do cuadrimestre, deberán reflexarse no POD. No centro, a única información da que dispoñemos oficialmente para saber quen imparte unha materia ou quen é o coordinador, é a indicada no POD. Polo que é necesario que o POD estea actualizado.
- Segundo o procedemento para o seguimento e o control da docencia, calquera incidencia na docencia teórica ou práctica comunicarase á secretaría do Decanato e ao alumnado afectado con antelación suficiente, indicando o día da incidencia, o motivo e o día de recuperación da clase, que se acordará previamente co alumnado a efectos de causarlle as menores distorsións posibles na planificación e desenvolvemento das ensinanzas.
- Por outra banda, indícase ao profesorado que ante a solicitude do alumnado de cambiar a data ou hora de impartición dunha clase, aínda que se chegue a un acordo coa maioría do alumnado, debe de terse en conta que si no horario oficial asiste algún alumno/a debe de impartirse a docencia no horario establecido pola Facultade, independentemente de que despois o profesor repita a docencia desa clase no día acordado co alumnado.
- Cédese a palabra á Vicedecana de Organización Académica que lembra a necesidade de que todo o profesorado cumpra rigorosamente o horario establecido. A tal efecto, lembra, así mesmo, que, de incurrir algún profesor, nalgunha causa

## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

puntual de suspensión da súa docencia, tal circunstancia debe ser obxecto de comunicación previa ao Decanato, facendo constar a data e hora de recuperación consensuada co alumnado. A Vicedecana agradece ao profesorado presente a súa colaboración no cumprimento do procedemento referido.

Dado que se recibiron queixas dalgúns profesores sobre o pouco interese amosado pola asistencia a clases e atención ás explicacións do profesorado, nalgunhas materias, polos alumnos de 3º curso, solicitase ao profesorado que exprese as súas queixas coa intención de reflexionar sobre o problema detectado e buscar posibles solucións.

Recóllense os seguintes comentarios por parte do profesorado:

- O profesorado manifesta que os alumnos de 3º curso queixanse de que están saturados de traballo. O profesorado tamén indica que os alumnos abandonan a aula antes do fin das clases ou entran máis tarde do seu inicio. Por outro banda, observan un descenso importante do alumnado nas aulas a estas alturas do curso. Algúns profesores tamén poñen de manifesto que en función do número e tipo de probas que se establecen nas distintas materias, propíciase que os alumnos deixen de asistir ás clases doutras materias. A coordinadora indica que cada coordinador de materia é libre de establecer o método de avaliación a seguir en cada materia, sempre que se respecte o indicado na ficha da memoria, e que os alumnos contan cun cronograma de actividades que se envía ás/aos delegadas/os onde poden comprobar a carga de traballo semanal e solicitar cambios, si o consideran oportuno.
  - Tamén indican que os alumnos do PCEO están descontentos cos horarios e co calendario de probas de avaliación. A profesora Dña. Susana Álvarez indica que a queixa do alumnado do PCEO sobre os horarios, onde solicitan ter clases polas mañás, xa se estudou cando ela era Vicedecana de Organización Académica e non se atopou ningunha forma de implementar o cambio. Tamén indica que se se permite os alumnos do PCEO asistir as clases cos alumnos do Grao, eliminaríanse os grupos de PCEO e perderíanse horas de docencia na PDA, o que suporía que máis dun profesor asociado se quedase sen docencia. A Vicedecana de Organización Académica reafirma o sinalado pola Prof.<sup>a</sup> Álvarez González.
  - A profesora Dña. Miryam Martínez solicita que nos horarios oficiais se reflicta uns minutos de marxe entre cada clase para que os alumnos do PCEO se poidan desprazar dun aula á outra. A Vicedecana de Organización Académica sinala que todas as clases do PCEO se desenvolven nun mesmo edificio, nas alas correspondentes ás Facultades de Dereito e ADE, polo que o seu desprazamento é relativamente doado.
  - O profesorado tamén solicita que se propoña ao rectorado que se amplíen as semanas dedicadas a exames.
  - A profesora Inés Iglesias pregunta se se pode ampliar ao sábado o período de realización dun exame dado que dita proba é oral e coas horas que ten asinadas a súa materia non é suficiente. Tamén indica que na súa materia existe unha competencia relativa a exposición e defensa oral. Se lle explica que sí se pode, sempre que se chegue a un acordo con todo o alumnado e sexa unha medida puntual.
  - Algúns profesores indican, de cara a solicitar a ampliación do período de exames na Facultade, a necesidade de realizar exames orais e a duración de ditas probas.
23. O 20/4/2017 celebrouse unha reunión da Coordinadora de Grao e da Vicedecana de Organización Académica cos delegados/as e subdelegados/as de tódolos cursos do Grao en Dereito e Simultaneidade. Nesta reunión a coordinadora informa sobre:
- Na anterior reunión de coordinación coas delegadas/os, estes indicaron que algúns profesores non cumprían ao horario docente, alargando as súas clases máis aló do indicado no horario. A coordinadora pregunta ás/aos delegadas/os si segue a producirse esta incidencia. Ás/aos delegadas/os indican que algún profesor/a segue a saír máis tarde e outros non respetan os 10 minutos de descanso entre cada clase. Acórdase enviarlle un correo electrónico ao profesorado recordándolle que cumpran ámbalas dúas cousas.
  - En breve, iniciarase o proceso de elaboración das guías docentes para o curso 17/18. Dende a coordinación solicítase a colaboración da delegación de alumnos para a revisión de ditas guías, sobre todo no relativo ao método de avaliación (e sempre respectando ao marcado pola ficha da materia) para así poder diminuír ao número de queixas relacionadas cós métodos de avaliación, número de probas, porcentaxe de ditas probas sobre o exame final, etc.
  - Na anterior reunión celebrada ao 24 de xaneiro, os alumnos do PCEO solicitaron que se convocase unha reunión de coordinación da dobre titulación. Dende o decanato de Dereito se solicitou ao decanato da Fac. de CEET que se fixase unha data para manter dita reunión pero a día de hoxe, aínda non se concretou ningunha data. Volveremos a pormos en contacto co decanato de Empresariais para intentar fixar unha data.
  - Na reunión, os delegados do PCEO de 2º curso tamén me indican que, nalgunhas materias, ao temario é excesivo, na súa opinión. Dende a coordinación se lles solicitara que me enviasen un correo electrónico indicando a qué materias en concreto se referían pero non recibín nada. Se lles pide que redacten e envíen dito correo electrónico. O 2 de Maio a delegada de 2º curso envía dito correo electrónico indicando que as materias nas que consideran que o temario é excesivo son:
    - Dereito Internacional Público
    - Sistema xudicial español e proceso civil.

## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- AO 7 de Abril celebrouse unha reunión cos profesores, por petición expresa de estes, na que se comentaron os seguintes temas:
  - Os alumnos, nas últimas semanas, non asisten ás clases dalgúns materias por dedicarse a preparar as probas de avaliación continua de outras materias onde o número de probas é elevado. Dende a coordinación indícase ao alumnado que antes do inicio de cada cuadrimestre se lles remite un cronograma co listaxe das probas e entrega de traballos para que o revisen e poidan solicitar cambios nas datas se detectan sobrecarga de traballo. Tamén se acorda que ao inicio de cada cuadrimestre, ademais de enviar un correo electrónico ao profesorado e delegadas/os indicando que está publicado ao cronograma, tamén se enviará un correo electrónico a todo ao alumnado.
  - As/os delegadas/os indican que nalgúns casos o alumnado non asiste ás clases porque ou a metodoloxía ou os contidos non lles parecen interesantes. A vicedecana lles indica que dende o decanato se revisan diariamente os partes docentes e, se se detecta a non asistencia de alumnos, fálase co profesorado para que analice as súas pautas de docencia e avaliación.
  - Os alumnos abandonan as clases a metade de sesión. Dende a coordinación se lles pide que transmitan ao alumnado que, salvo casos extremos, se debe acceder e saír ás distintas sesións das materias nos horarios sinalados.
  - No relativo ás queixas sobre o calendario de exames, recórdaselles que se lles envía a proposta de exames para a súa aprobación antes de pasalo á Xunta de Facultade.

Recóllense os seguintes comentarios por parte do alumnado:

- As delegadas/os do PCEO queixáxense de que é moi complicado adaptarse aos programas de mobilidade internacional porque non atopan universidades onde se imparta o dobre grao, e existen moi poucas axudas. A maioría dos alumnos irán en 5º curso (1º cuadrimestre) porque é cando só teñen unha materia de Dereito. Isto implica que nese curso non quedarán practicamente alumnos na aula. A Vicedecana indícalles que se transmitirá á coordinadora de relacións internacionais estas queixas e a necesidade de estudar a implantación dun programa de mobilidade específico para o dobre Grao.

Dende a coordinación se lles indica aos delegados que se transmitirán todas as queixas e suxerencias recollidas.

24. O 03/05/2017 enviáse un correo electrónico aos alumnos de 3º curso do Grao, solicitando a súa participación nas enquisas de avaliación da satisfacción do Grao en Dereito, curso 2016/2017.
25. O 16/05/17 celebrouse unha reunión de coordinación da titulación co obxectivo de:

- Redactar e aprobar, se procede, as competencias e obxectivos que deben figurar no Suplemento Europeo ao Título. Dado que por error non se enviou este documento xunto coa convocatoria, acórdase dar un par de días de marxe para revisalo e, se non se indica ningunha modificación, envíalo cos cambios propostos na reunión: incluír unha mención ao Mestrado da avogacía.
- Analizar o estado de execución das accións de mellora da titulación do Grao en Dereito propostas para o curso 2016-2017 e adopción de acordos respecto da planificación do traballo a realizar para a execución das que aínda non foran implantadas. As accións de mellora da titulación para o curso 2016-17 son:
  - Solicitar aos coordinadores de materia que revisen se os resultados de aprendizaxe son coherentes cos contidos impartidos e as competencias da materia
  - Analizar as causas do reducido rendemento dos estudantes nalgúns materias en comparación con outras que comparten competencias. Da mesma forma recoméndase analizar as causas das grandes diferenzas de rendemento entre sedes nalgúns materias.
  - Realizar o estudo sobre a valoración docente do profesorado nas enquisas de satisfacción realizadas aos estudantes do Grao a nivel específico por materia.
  - Reflexionar sobre a necesidade de modificar o apartado "5.5.1.2. Resultados de aprendizaxe" da ficha do TFG na memoria do Grao en Dereito. O contido é demasiado esixente, incluíndo unha improcedente referencia á "investigación", o que, de acordo coa vixente normativa estatal sobre titulacións oficiais, non corresponde nos estudos de grao, senón, posteriormente, nos de doutoramento e, eventualmente (non é un contido necesario) a nivel de iniciación nos Mestrados.

Acórdase solicitar aos coordinadores de materias que revisen os resultados de aprendizaxe e que propoñan unha nova redacción se detectan que non é válida, en especial para aquelas materias que teñan como resultado de aprendizaxe unha definición do tipo: "*Se adquiren las competencias de la titulación*".

Acórdase que os cambios solicitados deben ser validados pola comisión de Calidade de ambos centros.

No relativo ao resultado de aprendizaxe do TFG, as decanas poñen de manifesto que na conferencia de decanos indicouse que se debía de evitar o termo "investigación" en todo o relativo o TFG, non deben de aparecer competencias vinculadas á investigación.

Acórdase que as coordinadoras do TFG analizarán e acordarán unha nova redacción do resultado de aprendizaxe para a ficha do TFG.

## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

Con respecto a analizar as causas do reducido rendemento dos estudantes nalgúns materias en comparación con outras que comparten competencias e analizar as causas das grandes diferenzas de rendemento entre sedes nalgúns materias, dende Ourense indícase que a vicedecana de organización académica xa ten identificadas as materias con taxas máis baixas e que analizará as EADs en relación con estas materias para detectar aquelas nas que existe un desfase entre os datos.

- Definición, se procede, dos apartados das guías docentes da titulación que deben coincidir. Acórdase que as guías deben de axustarse ao indicado nas fichas da memoria o que garantirá que coincidan substancialmente as guías en ambos centros.
- Planificación, se procede, das actuacións a realizar para a elaboración do Informe de alegacións e plan de mellora ao Informe provisional de avaliación da renovación da acreditación do título de Graduado/a en Dereito pola Universidade de Vigo.

Acórdase que ambos centros revisarán o informe provisional de avaliación da renovación da acreditación do título e que redactarán as propostas de alegacións nos puntos relativos a cada centro para polos en común o próximo 25 de maio.

26. 24/05/2017: Dende a coordinación enviouse un correo electrónico os coordinadores de materia solicitando que revisen os resultados de aprendizaxe. En concreto, para todas aquelas materias que conteñen como resultado de aprendizaxe o seguinte: "Como resultado de aprendizaxe, o alumnado adquire as competencias descritas, particularmente as indicadas como específicas da materia", o coordinador debería propoñer unha nova definición, consensuada co coordinador da materia na Facultade de Ciencias Xurídicas. Estableceuse como fecha tope de recepción das propostas das novas definicións, o 4 de xuño. Rematado o prazo, dende a coordinación do título enviáronse as novas propostas de redacción dos resultados de aprendizaxe a Comisión de Calidade. Dita comisión, na reunión mantida o 8 de xuño de 2017 acordou:

- Validar as modificacións na redacción dos resultados de aprendizaxe correspondentes ás materias (cambio a introducir no informe de seguimento do curso 1617):
  - DEREITO ADMINISTRATIVO I
  - DEREITO ADMINISTRATIVO II
  - Dº FINANCIEIRO E TRIBUTARIO I
  - Dº FINANCIEIRO E TRIBUTARIO II
  - DEREITO INTERNACIONAL PRIVADO
  - LITIGACIÓN INTERNACIONAL E SOSTIBILIDADE
  - DEREITO MERCANTIL I.
  - DEREITO MERCANTIL II
  - NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS Ó DEREITO
  - TRABALLO DE FIN DE GRAO
  - SISTEMA XUDICIAL ESPAÑOL E PROCESO CIVIL
  - DEREITO PROCESUAL PENAL
  - DEREITO TRIBUTARIO DA UNIÓN EUROPEA E INTERNACIONAL
  - DEREITO DO COMERCIO INTERNACIONAL
  - DEREITO MARÍTIMO
  - PROPIEDAD INDUSTRIAL E COMPETENCIA
  - DEREITO CONCURSAL
  - TUTELA PROCESAL DO CRÉDITO
  - MÉTODOS ALTERNATIVOS DE RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS NO ÁMBITO EMPRESARIAL
  - RÉXIMEN FISCAL DA EMPRESA
- Delegar na Coordinadora de Grao a validación da modificación dos resultados de aprendizaxe das fichas das materias de Dereito Romano e Fundamentos de Contabilidade e Finanzas. Tras solicitar a estas dúas materias cambios na redacción, dende a coordinación, e tras consensuar a redacción co Coordinador da titulación na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, aceptouse a nova redacción dos resultados de aprendizaxe de todas as materias que fixeron propostas.

27. O 30/05/2017, seguindo o calendario aprobado en Comisión Permanente o 30 de maio de 2017, enviouse un correo electrónico a todo o profesorado responsable de materias no Grao, comunicándolles o calendario de elaboración das guías docentes así como algunhas orientacións a ter en conta. Neste proceso de elaboración, os coordinadores de materia, unha vez editadas as guías docentes, remitíronas a Coordinadora de Grao para a súa revisión.

28. O 06/06/2017 celebrouse un curso no que a Coordinadora de Grao explicou ao profesorado responsable de materias no Grao e na Simultaneidade as diferenzas (con respecto a cursos anteriores) na elaboración das guías docentes a través da plataforma Docnet.

29. O 11/06/2017 rematou o proceso de elaboración das guías docentes. Dende a coordinación elaborouse un documento que recollía todas as incidencias detectadas en cada unha das guías. Dito documento remitíuse aos coordinadores de materia o 21 de xuño para que revisasen as súas guías conforme as fichas de incidencias remitidas, ata o 23 de xuño, ás 14.00 h. Revisáronse,



## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

novamente, as 41 guías docentes das materias que se impartirán no Grao en Dereito para o vindeiro curso académico. Nesta revisión encontrouse que:

- Faltaban guías por elaborar.
- Existían guías que non foran modificadas ou para as que non se xustificou a súa modificación segundo as incidencias reflectidas no documento remitido aos coordinadores.

Transcorrido este prazo, elaborouse un novo documento das incidencias detectadas e remitiuse, xunto coas guías docentes, á Comisión de Calidade da Facultade de Dereito para a súa revisión e aprobación, si procede.

30. O 5/6/2017 enviouse un correo electrónico aos titores do PAT e aos alumnos titorizados indicándolles que, segundo se recolle no punto 6.2.4. Actuacións de avaliación do grao de satisfacción" do Plan de Acción Titorial, o alumnado e o profesorado implicado no PAT deben cubrir as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado» e IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a»). No correo electrónico solicitábase que enviasen á coordinadora de Grao os anexos correspondentes previamente cubertos.

- Ningún alumno titorizado enviou o anexo IV-A.
- Cinco profesores enviaron o anexo IV-B cuberto dos cales dous profesores indican que consideran que o Grao de utilidade do PAT é baixo (sen indicar os motivos) e indican que é necesaria unha maior asistencia do alumnado ás reunións ás que son convocados.

Tamén se enviou un correo electrónico aos estudantes titores solicitando que elaborasen un informe indicando se mantiveron reunións cos alumnos titorizados, reflectindo as dúbidas ou problemas cos que se atopa o novo alumnado. Tan só dous estudantes respostaron indicando que non manterán ningunha reunión cos alumnos titorizados, a excepción das mantidas xunto co profesor titor.

Un dos alumnos enviou unha proposta para aumentar a utilidade do PAT: Que un profesor de cada departamento oriente ao alumnado sobre as materias dependentes do mesmo, e atenda e resolva de forma rápida e efectiva, na medida do posible, as súas opinións e problemas do alumnado.

E o outro alumno aportou unha medida para incentivar a participación do alumnado titorizado nas reunións do PAT: Manter sesións de seguimento conxuntas (onde estiveran presentes os titores e alumnos titores) cunha duración breve, o remate dunha clase teórica (coa idea de garantir ao maior número de alumnos presentes na aula) ao longo do curso.

Tras analizar os Anexos III das distintas reunións mantidas entre os profesores titores e os alumnos titorizados, pódese concluír que:

- a. A maior parte das cuestións prantexadas polos alumnos son dúbidas e queixas sobre organización docente, sobre todo no relativo ao programa de simultaneidade.
- b. A participación do alumnado nas reunións do PAT é moi escasa e cómpre adoptar medidas enfocadas a incrementar dita participación

31. O 22/06/2017 celebrouse unha reunión de coordinación do Programa conxunto de estudos oficiais do Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito (PCEO) con obxectivo principal de que as coordinadoras dos graos en ADE e en Dereito informen sobre o balance do curso académico.

- Intervén a coordinadora do grao en ADE, a profesora Dna. Dolores Rivero, para indicar que non fai reunións por separado cos delegados dos distintos graos da facultade. Das reunións conclúe que os alumnos están contentos co funcionamento do centro e que considéranse ben atendidos tanto polo Decanato como polos PAS e PDI. En canto ao PDI recibiu queixas respecto ao excesivo traballo administrativo e burocrático con pouca valoración da docencia. En canto os TFG, o PDI síntese pouco valorado polo seu traballo cun recoñecemento de 6 horas que é escaso para todo o esforzo que supoñen. En canto á internacionalización, están satisfeitos e solicitan que se amplien as titulacións que se ofertan.
- Dende a coordinación do grao en Dereito, indícase que tampouco se fai reunión específicas cos alumnos do PCEO. Os PDI están contentos cos alumnos do PCEO. Informa da solicitude dos alumnos do PCEO de preferir horario de mañá. Tamén informa de que nas enquisas de satisfacción de 3º unicamente se fan por un Grao, non polos dous e que polo tanto, é necesario avisar a Área de calidade para que o transmitan os responsables de Xescampus. ADE debe mandar un escrito. Solicita que na área de internacional, independentemente da secretaría que está en Dereito, debería computar en función do alumnado. En canto á oferta de Erasmus se indica a posibilidade de buscar universidades con un PCEO conxunto e, polo tanto, trasladar ás persoas responsables de internacional para unha reunión.
- A decana da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, a profesora Dna. Elena Rivo, solicita a posibilidade de prantexar o TFG cun nexos ou tema común para os alumnos, é dicir, temas de Dereito vinculados con temas de Economía e viceversa para o curso 18-19. Estando todos de acordo, trasladarase aos profesores.
- A profesora Dna. Lourdes Borrajo comenta que os delegados de PCEO elíxense no primeiro cuatrimestre nas clases de Dereito. E polo tanto se pasará información sobre eles porque a coordinadora do grao en ADE non tiña constancia e, por iso, non os convocaba para as reunións cos delegados dos distintos graos.

## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

32. O 22/06/2017 remitiuse unha consulta á directora da área de Grao da Universidade de Vigo sobre a conveniencia de incorporar o galego como lingua de impartición de todas as materias do Grao, xa que é a lingua propia da Universidade de Vigo e calquera alumna/ou ten dereito a elaborar o TFG ou calquera exame de calquera materia nese idioma. Ademais, a memoria do título inclúe expresamente o galego como lingua de impartición da titulación. En correo de 23/06/2017 a directora da área respondeu que entendía que podíamos engadir o galego como lingua de impartición do TFG a través do seguimento, de acordo co establecido pola ACSUG.
33. O 26/6/2017 enviouse un correo electrónico a todo o profesorado da Titulación indicando que nas guías docentes deberán figurar o galego e o castelán como linguas de impartición. Como na memoria do título xa conta co galego como lingua de impartición da titulación, pódese facer a modificación da memoria, de acordo co establecido pola ACSUG, a través do informe de seguimento coa finalidade de incorporar o galego como lingua de impartición en todas as fichas das materias nas que ata agora non figuraba. Isto conleva tamén a modificación das fichas das seguintes materias para engadir o galego como lingua de impartición (cambio a introducir no informe de seguimento do curso 1617):
- Principios de economía
  - Introducción ao dereito civil e dereito da persoa
  - Dereito Constitucional I e II
  - Dereito romano
  - Historia do Dereito
  - Dereito Administrativo I e II
  - Dereito Penal II
  - Dereito Civil I, II y III, e Dereito de danos e responsabilidade Civil
  - Dereito Mercantil I y II
  - Dereito Internacional público e Dereito da UE
  - Dereito Internacional privado
  - Litigación internacional e Sostibilidade
  - Dereito Unión europea, Constitución e Medio ambiente
  - Sistemas xurídicos contemporáneos: Dereito Continental e Dereito Anglosaxón
  - TFG
34. O 30/06/2017 celebrouse unha reunión da Comisión de Calidade que decidiu validar as guías docentes do Grao en Dereito para o curso académico 2017-18 e solicitar aos coordinadores das materias Dereito Civil I, Dereito Penal e procesual de menores, Dereito mercantil europeo e Criminoloxía e Dereito penitenciario a emenda dos erros indicados no informe de revisión.
35. O remate da Comisión de Calidade, contáctase cos coordinadores destas materias indicándolles que debían de emendar os erros que constan no informe de revisión das guías docentes antes da celebración da Comisión Permanente o día 4 de xullo. Dende a coordinación enviouse un correo electrónico indicando aos coordinadores de materia que se abría un novo prazo (antes do 4 de xullo) para a corrección das guías docentes.
36. O 5/7/2017, tras unha última revisión, e tras verificar que se habían subsanado todos os erros que presentaban as guías, procedeuse a publicación das guías docentes de todos os cursos do Grao e enviouse un correo electrónico a todo o profesorado notificando a publicación na web da Facultade de ditas guías.
37. Durante o proceso de elaboración das guías docentes, algún coordinadores de materia solicitaron introducir cambios nas fichas de ditas materias (tras consensualo entre os coordinadores de dita materia na Facultade de Dereito e na Facultade de Ciencias Xurídicas). En concreto:
- Novas tecnoloxías aplicadas ao dereito: eliminar da ficha as competencias CG3 y CG4.
  - Modificar na ficha de Prácticas Externas, a actividade formativa para incluír os seguintes datos:  
Das 150 horas totais:
    - Prácticas externas 135 h presenciais
    - Outros 15 h non presenciais (elaboración de informes+ relación con títors +presentación da memoria)
  - Historia do Dereito: suprimir as competencias CB2, CB3, CB4, CG4.
- Por outro banda, detectáronse distintos erros nas fichas das seguintes materias, que compre corrixir:
- Modificar o cuadrimestre de impartición de Dereito Procesual Penal: na ficha indícase que se imparte no cuadrimestre 6 e 7 cando só se imparte no cuadrimestre 6.
  - Modificar na ficha de Dereito Penal I, no apartado de actividades formativas, o número de horas para que corresponda a unha materia de 9 créditos.
38. O 7/7/2017 enviouse un correo electrónico aos coordinadores de materias do Grao en Dereito, solicitando o cronograma das materias das que son responsables, indicando a planificación do traballo docente, semana a semana, destacando as distintas actividades a realizar de cara a avaliación continua do alumnado. Estableceuse como fecha tope de entrega o día 20 de xullo.

## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

### 4.3.2. Accións de mellora para o curso 2017/2018

En relación coa coordinación do Grao e Simultaneidade, as propostas de mellora que se prevén para o próximo curso son as seguintes:

1. Analizar os contidos das guías docentes, revisando:
  - a. se todas as competencias incluídas nas fichas das materias se están a avaliar adecuadamente
  - b. que non exista solapamento de contidos entres as materias
  - c. que non exista carencia de contidos entre materias
  - d. que non se produza sobrecarga de contidos, máis alá dos indicados na ficha da memoria.
2. Fomentar o incremento da dedicación do profesorado á elaboración do cronograma de actividades, como ferramenta de apoio a impartición da docencia segundo o reflectido na guía docente.

En relación coa coordinación do Plan de Acción Tutorial:

1. Buscar estratexias para conseguir que o alumnado participe máis activamente nas reunións organizadas polos titores

En relación coa coordinación das prácticas externas, as propostas de mellora que se prevén para o próximo curso son as seguintes:

1. Ampliar a realización de prácticas en sectores estratéxicos distintos aos do curso 2016-2017.
2. Xestionar novos convenios dende a Facultade de Dereito para o curso académico 2017-2018.

En relación coa coordinación da materia de TFG:

1. Elaborar unha rúbrica ou guía obxectiva de avaliación do TFG coa finalidade de proporcionar aos membros de tribunal e ao alumnado ferramentas que garantan aínda máis unha avaliación homoxénea

A Comisión de calidade da Facultade de Dereito é consciente do obstáculo que pode supoñer a elaboración e defensa do Traballo fin de grao para conseguir elevar a taxa de gradación da propia titulación. A materia non pode ser obxecto de recoñecemento de créditos, a teor do art. 6 do RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, en redacción dada polo RD 861/2010, do 2 de xullo. Ademais, de acordo co art. 7.7 do Regulamento para a realización do Traballo fin de grao da Universidade de Vigo “o TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG”; de forma que, nas titulacións de grao da Universidade de Vigo, se un estudante ten unha soa materia suspensa, non pode defender nin ser avaliado da materia TFG. Iso pode supor que un alumno teña que repetir un curso académico cunha materia suspensa e o TFG e, se suspende o TFG, como xa sucedeu, debe perder, polo menos, un curso académico adicional. Polo demais, de acordo coa normativa da Universidade de Vigo, a diferenza do que ocorre con outras materias, tampouco é posible que o Traballo fin de grao sexa obxecto de avaliación por compensación -apartado 3 da Instrución para a avaliación por compensación de estudantes de grao do 13 de outubro de 2014-.

Esta situación levou xa á comisión de calidade da Facultade de Dereito a propoñer modificacións no Regulamento para elaborar o Traballo fin de grao en Dereito coa finalidade de adaptalo á carga de traballo que debe supoñer un traballo académico que se corresponda con 6 créditos ECTS, a reducir a dimensión en número máximo de páxinas e caracteres do traballo, a elaborar un acta na que se avalien adecuadamente as competencias e a establecer un Protocolo de actuación co obxecto de proporcionar ao estudante e aos membros do tribunal avaliador unha orientación sobre os principais criterios a ter en conta no proceso de avaliación das competencias asignadas á materia Traballo fin de grao na memoria de verificación do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo. Nese protocolo, preténdese desenvolver e concretar os criterios recolleitos no Anexo IV do Regulamento (acta do tribunal), a fin de achegar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación, que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia. Na mesma liña acometerase no Informe de seguimento do curso 2016/2017 unha modificación dos resultados de aprendizaxe que foron xa acordados coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Con todo, á luz dos datos que se obteñan no presente curso académico e se analicen na comisión de calidade no primeiro trimestre do vindeiro curso, continuarase avanzando no marco do proceso de mellora continua e, se se estima necesario, prantexarase novas **propostas de accións de mellora que poidan permitir incrementar a taxa de gradación da materia e redunden en beneficio da titulación**. En particular, elaborárase unha rúbrica ou guía obxectiva de avaliación do TFG coa finalidade de proporcionar aos membros de tribunal e ao alumnado ferramentas que garantan aínda máis unha avaliación homoxénea.

## 5. Conclusións

## Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

A través das actas das reunións mantidas co alumnado, profesorado, titores/as das prácticas externas e titores/as dos traballos de fin de grao, o equipo de coordinación vén cumprir co establecido na memoria do grao. Ademais, proporcionálles á Comisión de Calidade e ao decanato información do proceso de implantación do sistema de garantía interno da calidade do centro no Grao en Dereito e na simultaneidade de estudos ADE-Dereito na Facultade de Dereito da Universidade de Vigo, tanto en relación coas incidencias que teñen xurdido como cos plans de mellora que se levan a cabo.

Da análise das accións realizadas para garantir a coordinación (tanto horizontal como vertical) no Grao en Dereito e na simultaneidade ADE-Dereito extráese, como principal conclusión, que os datos e indicadores obtidos así como os principais problemas e incidencias detectados pola coordinación foron obxecto de análise minuciosa, tanto dende a Coordinación como na Comisión de Calidade, coa finalidade de avanzar na mellora continua da titulación mediante a proposta de accións de mellora.

## 6. Anexos

Para completar a información, achéganse as actas das reunións, directrices, pautas e informes relativos ás accións de coordinación desenvolvidas no curso académico.

- Actas das reunións das distintas reunións de coordinación mantidas
- Informe Seguimento TFG
- Informe de seguimento. Prácticas curriculares
- Informe de seguimento. Relacións internacionais
- Informe Final Revisión das guías docentes 2017-2018
- Informe Final PAT 16/17
- Actas da Comisión de Calidade

Data: 26/09/2017

Sinaturas:

Vicedecano de Calidade

Vicedecana de Organización Académica

Coordinadora de Relacións Internacionais

Coordinadora do Grao

Coordinadora de Prácticas Externas

Decana da Facultade de Dereito de Ourense e Coordinadora do TFG